



**DEPUTACIÓN PROVINCIAL  
A CORUÑA**

# **DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE A CORUÑA**

Acta da sesión ORDINARIA celebrada pola Excma. CORPORACIÓN  
PROVINCIAL en Pleno o 29 de xaneiro de 2021

Orde do día dos asuntos que se van tratar na sesión plenaria ordinaria do 29 de xaneiro de 2021, ás 12:00 horas.

## **ASUNTOS**

### **Información e actas**

1. Aprobación da acta da sesión anterior, número 13/2020, do 30 de decembro

2. Dación de conta das Resolucións da Presidencia do 19 de decembro de 2020 ata o 22 de xaneiro de 2021

### **Comisión de Contratación, Patrimonio Provincial e Equipamento**

3. Aprobación dun convenio de cooperación entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e o concello de Cambre polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento do proxecto de "acondicionamento da pista polideportiva exterior do CEIP Wenceslao Fernández Flórez.

### **Comisión de Cooperación, Plans Provinciais Xerais, Turismo e Patrimonio Histórico e Cultural**

4. Aprobación da prórroga do convenio administrativo nº 46/2019 entre o Concello de Valdoviño e a Deputación da Coruña polo que se financian as obras relativas ás "Actuacións de mellora en camiños municipais e equipamentos de lecer existentes no acceso ás praias da contorna da parroquia de Meirás".

### **Comisión de Economía, Facenda, Especial de Contas, Persoal e Réxime Interior**

5. Aprobación da toma de coñecemento da información sobre o período medio de pago a provedores á que se refire o Real decreto 635/2014, do 25 de xullo, correspondente ao mes decembro de 2020 e relación detallada de todas as facturas pagadas pola Deputación, polo Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña e pola Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña entre o 1 e o 31 de decembro de 2020.

6. Dación de conta do Plan de control interno 2020-2021.

7. Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e Concello de Ames na inspección do imposto sobre actividades económicas (IAE) e nos procedementos sancionadores que deriven destas actuacións.

8. Aprobación definitiva da relación de postos de traballo, cadro de persoal e organigrama 2021

9. Aprobación do cambio de denominación do IES Calvo Sotelo.

ACTUACIÓN DE CONTROL:  
MOCIÓN

Moción que presenta o Grupo Provincial Popular na Deputación da Coruña,

para instar á institución a facilitar e reducir os distintos problemas que se lles presentan cada ano ás entidades que participan nas distintas convocatorias de subvención de concorrencia competitiva publicadas por esta Deputación Provincial.

Moción que presentan os grupos provinciais do PSdG-PSOE e BNG pola que se insta á Xunta de Galicia a incrementar o financiamento do servizo da axuda no fogar (SAF)

FÓRA DA ORDE DO DÍA

Moción sobre tecido industrial na provincia.

Moción relativa á crise económica nas comarcas de Ferrol, Eume e Ortegal

Moción do Grupo Provincial Socialista sobre o desmantelamento industrial das comarcas de Ferrolterra, Eume e Ortegal

ROGOS E PREGUNTAS

**Acta da sesión ordinaria celebrada pola Excma. CORPORACIÓN PROVINCIAL en Pleno o 29 de xaneiro de 2021.**

De forma telemática, consonte ao disposto na Resolución da Presidencia 41577/2020, do 17 de decembro, o día 29 de xaneiro de 2021, reúnese a Excma. Corporación provincial para celebrar sesión ordinaria.

**Preside:** don Valentín González Formoso, presidente da Corporación Provincial

**Deputados/as**

**Asistentes:**

|                                        |      |
|----------------------------------------|------|
| Dona Martina Aneiros Barros            | PP   |
| Don Evaristo Ben Otero                 | PP   |
| Don José Carlos Calvelo Martínez       | PP   |
| Dona Cristina Capelán Cancelo          | PSOE |
| Don Germán Castrillón Permuy           | PP   |
| Dona María Milagros Castro Sánchez     | PSOE |
| Don Xosé Xurxo Couto Rodríguez         | BNG  |
| Don Manuel María Durán Guillán         | PP   |
| Don Antonio Fernández Angueira         | PP   |
| Don José Luis Fernández Mouriño        | PP   |
| Don Bernardo Fernández Piñeiro         | PSOE |
| Dona Rosa M <sup>a</sup> Gallego Neira | PP   |
| Dona Dalia García Couso                | PP   |
| Don José Blas García Piñeiro           | PSOE |
| Don Ángel García Seoane                | AVV  |
| Don José Pablo González Cacheiro       | PP   |
| Dona Sandra González Castro            | PSOE |
| Don José Manuel Lage Tuñas             | PSOE |
| Dona Ana Lamas Villar                  | PSOE |
| Don Antonio Leira Piñeiro              | PSOE |
| Don Alberto Lema Suárez                | MA   |
| Dona María Beatriz Molinos Vidal       | PP   |
| Don José Muiño Domínguez               | PP   |
| Don Xosé Luis Penas Corral             | BNG  |
| Don José Manuel Pequeño Castro         | PSOE |
| Don Xosé Regueira Varela               | BNG  |
| Don José Ramón Rioboo Castro           | PSOE |
| Don Roberto Rodríguez Martínez         | PP   |
| Don Manuel Taboada Vigo                | PP   |

**Excusado/a:**

|                                       |     |
|---------------------------------------|-----|
| Dona María del Carmen Muiño Filgueira | BNG |
|---------------------------------------|-----|

**Actúa como secretario:** don José Luis Almau Supervía, secretario xeral da Corporación

Aberto o acto ás 12:08 horas, tratáronse os seguintes asuntos:

### **1.- Aprobación da acta da sesión anterior, número 13/2020, do 30 de decembro**

#### **VOTACIÓN**

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 11 do PSOE, 3 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

#### **ACORDO**

Apróbase por unanimidade a acta da sesión anterior, número 13/2020, do 30 de decembro

### **2.- Dación de conta das Resolucións da Presidencia do 19 de decembro de 2020 ata o 22 de xaneiro de 2021**

Dáse conta das Resolucións da Presidencia do 19 de decembro de 2020 ata o 22 de xaneiro de 2021

### **3.- Aprobación dun convenio de cooperación entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e o concello de Cambre polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento do proxecto de "acondicionamento da pista polideportiva exterior do CEIP Wenceslao Fernández Flórez.**

#### **VOTACIÓN**

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 11 do PSOE, 3 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

#### **ACORDO**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

**"1º.- Exceptuar** para o presente convenio os principios de concorrência, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan as razóns de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 LXS e 65-67 do seu Regulamento.

**2º.- Aprobar** o texto e a formalización do Convenio de Cooperación entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Cambre polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar as **obras de acondicionamento da pista polideportiva exterior do CEIP Wenceslao Fernández Flórez** cunha achega

provincial de **72.800,00** euros con cargo a la **aplicación orzamentaria 0112/3420/762.01**, o que representa un coeficiente de financiamento do **79.82548 %** respecto dun orzamento de **91.198,95 euros**.

3º- **Condicionar** o presente gasto á existencia de crédito adecuado e suficiente no correspondente exercicio orzamentario..

#### **ANEXO**

### **CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE CAMBRE POLO QUE SE INSTRUMENTA UNHA SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA O COFINANCIAMENTO DO PROXECTO DE “ACONDICIONAMENTO DA PISTA POLIDEPORTIVA EXTERIOR DO CEIP WENCESLAO FERNÁNDEZ FLÓREZ”**

Na Coruña, a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 20\_\_  
**REUNIDOS**

Dunha parte o representante da Deputación Provincial da Coruña.  
E doutra parte o representante do **Concello de Cambre**.

Os comparecentes interveñen en uso das potestades que, por razón dos seus cargos, estanlles atribuídas

#### **MANIFESTAN**

Son competencias propias da Deputación Provincial de A Coruña, en virtude do establecido no artigo 36 Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, a asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión.

A este efectos, a Deputación asegura o acceso da poboación da Provincia ao conxunto dos servizos mínimos de competencia municipal e á maior eficacia e economía na prestación destes mediante fórmulas de asistencia e cooperación municipal. Con esta finalidade, a Deputación poderá outorgar subvencións e axudas con cargo aos seus recursos propios para a realización e o mantemento de obras e servizos municipais, que se instrumentarán a través de plans especiais ou outros instrumentos específicos.

Así mesmo, o Municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos previstos no artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local. O Municipio exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, entre outras, as seguintes materias: d) Infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade.

Neste sentido, o Concello de Cambre considera de primeira necesidade as actuacións de “...o acondicionamento da pista polideportiva exterior do Ceip Wenceslao Fernández Flórez ten, en primeiro lugar, unha motivación argumentada por pertencer a un espazo dotacional de infraestruturas deportivas conxunto formado por: polideportivo municipal e ximnasio, onde se desenvolven as actividades de educación física curricular do centro, as actividades extraescolares das anpas, así como a vida asociativa e comunal dos veciños a través da práctica deportiva libre en horario non lectivo.

Debido a razóns e competencias de interese público, considérase preciso o acondicionamento e adecuación da pista polideportiva exterior do CEIP Wenceslao Fernández Flórez que, adaptado ás normativas vixentes, poida ser utilizado para continuar coa democratización deportiva e para mellorar a saúde da poboación infantil a través dunha práctica de educación física segura e de calidade.

Dado o interese coincidente da Deputación e do **Concello de Cambre** ambas as dúas partes

### **A C O R D A N**

Formalizar o presente CONVENIO DE COOPERACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

#### **I.- OBXECTO**

1- 1- O presente convenio de cooperación ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol do Concello de **Cambre** con CIF **P1501700G** fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria, para o financiamento das Obras de acondicionamento da pista polideportiva exterior do CEIP Wenceslao Fernández Flórez, tal e como aparece definida esta no proxecto técnico de execución redactado polo arquitecto técnico Antonio Vázquez Santos, de data 25 de outubro de 2020.

2- A entidade beneficiaria, na súa condición de promotora da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptivas e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras. O dito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

3- A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 233 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Xa que logo, unha vez rematada e dentro do período de vixencia do convenio, a entidade beneficiaria, comprométese a destinala a uso público para o cal está prevista.

#### **II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS.**

O orzamento total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, desagregase co seguinte detalle:

|                                              |                    |
|----------------------------------------------|--------------------|
| Presupuesto de ejecución material            | 63.337,00 €        |
| 13% de gastos generales                      | 8.233,81 €         |
| 6% de beneficio industrial                   | 3.800,22 €         |
| Suma                                         | 75.371,03 €        |
| 21% IVA                                      | 15.827,92 €        |
| <b>Presupuesto de ejecución por contrata</b> | <b>91.198,95 €</b> |

### **III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGEN PARA A MESMA FINALIDADE.**

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de **72.800,00 €** euros o que representa unha porcentaxe de **79.82548%**. A contía restante, ata conseguir o importe total do orzamento da contrata, estará financiada con cargo a recursos propios ou alleos do Concello, sempre e cando acredite a entidade beneficiaria que consignou crédito adecuado e suficiente para o seu financiamento.

2. No caso de que a gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o **79.82548%**, da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se coa cantidade efectivamente xustificada non se conseguira rematar a obra e entregala ao uso público previsto, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobramento.

3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, xa que logo, **non serán subvencionables** os gastos de **redacción de proxectos, tributos percibidos pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc.**

**Tampouco** se financiarán os incrementos de gasto derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria **0112/3420/76201** na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

Para a anualidade corrente existe crédito dabondo polo importe indicado, tal como consta no certificado de existencia de crédito emitido pola Intervención provincial. Con respecto ás anualidades futuras, advírtese á entidade beneficiaria de que o compromiso de gasto queda condicionado a efectiva aprobación do Orzamento para dito ano e a que existe no mesmo dotación orzamentaria axeitada e suficiente para afrontar o gasto, así como ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

5. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

### **IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN .**

1. Na condición de promotor, corresponderalle á a entidade beneficiaria o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.

2. No procedemento de contratación, a entidade beneficiaria axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público, **ben mediante o procedemento aberto ou procedemento aberto simplificado.**

3.- Deberá utilizar os **pregos-tipo de contratación da Deputación** e non poderá recoller o concepto de “melloras”.

4.- No caso de que a entidade beneficiaria tramite e APROBE ALGUNHA

**MODIFICACIÓN do proxecto** inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitir á Deputación, **con anterioridade** á aprobación do mesmo polo órgano competente, un exemplar do Proxecto modificado, achegando co mesmo os informes emitidos, para a súa supervisión polos Servizos Técnicos Provinciais. Posteriormente, se achegará a certificación do correspondente acordo.

#### **V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL.**

1. **Durante a execución** das obras e ata o seu remate e recepción, a entidade beneficiaria estará obrigada a colocar un **cartel que sexa visible alomenos a unha distancia de 25 metros** no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.
2. **Rematada a obra**, deberase colocar **unha placa** en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.
3. Asemade, a entidade beneficiaria deberá cumprir coas obrigas de información que lle impón a Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso a información pública e bo goberno, dándolle **publicidade a este convenio no Portal de Transparencia da súa páxina web**.

#### **VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.**

1. Coa posibilidade prevista nas Base 53ª das de execución do Orzamento para o ano 2020, **ata o 40 por cento** da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol da entidade beneficiaria pola contía resultante de aplicar dita porcentaxe sobre o importe de adxudicación da obra, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación (só admisible por medios electrónicos a través do aplicativo SUBTEL):

- **Certificación do acordo de adxudicación do contrato de obras**, na que figuren polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución
- **Acta de reformulo da obra**, asinada pola súa dirección, polo/a contratista e no seu caso, polo funcionario técnico designado pola Deputación.
- Acreditación do **cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social**, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- **Certificación** expedida polo órgano responsable da contabilidade das **axudas e outros ingresos** afectados a mesma finalidade ou obxecto desta subvención.
- Acreditación da **colocación do cartel informativo** ao que se refire a cláusula QUINTA, mediante remisión de fotografía debidamente dilixenciada pola dirección da obra.

2. Rematada completamente a obra, procederase ao abono do **60 por cento restante**, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia compulsada):

- **Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada**, que debe ser dilixenciada pola dirección técnica. Ao acto de Recepción da Obra deberá acudir un técnico designado pola Deputación, quen asinará tamén a correspondente Acta.
- **Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obriga**, expedida polo órgano competente.
- Acreditación do cumprimento das **obrigas tributarias e coa Seguridade**

**Social**, segundo o disposto na cláusula OITAVA.

- **Certificación** expedida polo órgano responsable da contabilidade das **axudas e outros ingresos** afectados a mesma finalidade ou obxecto desta subvención.
- Acreditación do cumprimento das **obrigas de publicidade previstas na cláusula QUINTA** (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso).
- **Certificación do acordo da incorporación do ben ao inventario** de bens da entidade beneficiaria, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención alomenos durante un prazo de cinco anos.
- Deberá acreditar o **pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable**

3. O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola entidade beneficiaria na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a entidade beneficiaria terá dereito ao abono dos xuros de demora, ao tipo de xuro legal, que se perciba, dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

4. Deberá acreditar ter aboado a os terceiros o importe xustificado do 60% no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pagamento. Esta obriga será comprobada pola Deputación, no seu caso, no procedemento de control financeiro que se poida instruír para tal efecto, sen que se teña que presentar documentación adicional ningunha no expediente de xestión e pagamento da subvención.

#### **VII.- TERMO PARA O REMATE DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.**

1. As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal y como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula primeira, deberán estar **rematadas e presentada a documentación xustificativa** indicada na cláusula VI **no prazo indicado na cláusula XIII.**

2. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á entidade beneficiaria para que a presente no prazo improrrogable de quince días.

3. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvencións e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto, tal e como se indica na cláusula XIII. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á a entidade beneficiaria da sanción que, de conformidade co disposto na Lei subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable, lle poida corresponder.

#### **VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.**

1. A entidade beneficiaria deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social. A entidade beneficiaria autoriza á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificado ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.
3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarase de oficio por esta.

#### **IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.**

1. A entidade beneficiaria destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.
2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

#### **X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.**

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de cooperación.
2. Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, á entidade beneficiaria queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

#### **XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.**

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de cooperación poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.
2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.
3. **Para os supostos de retraso na realización das obras ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.**
4. Se o retraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que teñan realizado

o obxecto do convenio, se liquidará o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

## **XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCÍONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.**

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da entidade beneficiaria serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto.
2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.
3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, a concesión da subvención ao **Concello** será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web [www.dacoruna.gal](http://www.dacoruna.gal)
4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

## **XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.**

1. O presente convenio de cooperación terá efectos retroactivos dende o 1 de xaneiro de 2020 e conservará a súa **VIXENCIA** ata o día **31 de OUTUBRO do 2021**. Dado que a existencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario correspondente e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de Estabilidade Orzamentaria.
2. Para o caso de que a entidade beneficiaria non poida ter rematadas as obras e presentada a xustificación no prazo sinalado na cláusula VII, deberá solicitar **antes do 30 de SETEMBRO de 2021**, a **PRÓRROGA** do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado pola dirección de obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 60 % do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que **en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do 2022**, todo iso, igualmente condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a entidade beneficiaria perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada a dita data.  
De acordo co establecido na cláusula VII do presente convenio, unha vez finalizado o prazo de vixencia ou no seu caso, o das prórrogas efectivamente solicitadas en prazo, sen que se presentase a xustificación, a unidade xestora requirira a entidade beneficiaria para que presente a documentación no prazo improrrogable de 15 días. De non presentarse no devandito prazo, o convenio quedará definitivamente extinguido, comportará a perda do dereito ao cobramento da subvención e implicará a iniciación do expediente de reintegro, no seu caso, do anticipo percibido máis os correspondentes xuros de mora.
3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da

Intervención da Deputación, **o convenio poderá ser obxecto de modificación**. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

#### **XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICCIÓN COMPETENTE.**

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.
2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio poderá crearse unha **comisión de seguimento** formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo Presidente da Deputación e o polo Concello respectivamente.
3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.
4. Faise constar que o presente convenio foi aprobado polo Pleno da Corporación Provincial en sesión celebrada o \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ do 2.021

E en proba de conformidade, asinan por cuadruplicado exemplar o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento."

**4.- Aprobación da prórroga do convenio administrativo nº 46/2019 entre o Concello de Valdoviño e a Deputación da Coruña polo que se financian as obras relativas ás "Actuacións de mellora en camiños municipais e equipamentos de lecer existentes no acceso ás praias da contorna da parroquia de Meirás" .**

#### **VOTACIÓN**

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 11 do PSOE, 3 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

#### **ACORDO**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1º Estimar a solicitude do Concello de Valdoviño do 21/09/2020 na que se solicita a prórroga do convenio nº 46/2019 entre o concello e a Deputación da Coruña polo que se financian as obras relativas ás "Actuacións de mellora en camiños municipais e equipamentos de lecer existentes no acceso ás praias da contorna da parroquia de Meirás" .

O convenio tiña unha vixencia inicial fixada o 31 de outubro de 2020, recollendo nas súas cláusulas que o concello, en caso de de precisar dunha prórroga debería solicitala antes do 30 de setembro de 2020.

A entidade achegou o documento de solicitude de prórroga dentro das datas previstas para o mesmo, cumprindo estritamente coas cláusulas do convenio.

A entidade solicita prórroga do convenio ao non poder rematar as obras do proxecto en prazo, visto o informe técnico redactado pola directora da obra dona Victoria Alonso Caeiro colexiada n.º 3.013 en data 16 de setembro de 2020 no que di literalmente: "A día de la emisión del informe la obra se encuentra ejecutada al 56,60 % y teniendo en cuenta los trabajos que restan por realizar, la dependencia de las condiciones meteorológicas y la disponibilidad de los materiales, se prevé comprometido el remate de las mismas en el plazo establecido."

Esta unidade xestora solicitou informe ao Servizo de Asistencia a Municipios para que informase se hai modificación de contrato de obra, segundo o informe técnico aportado polo Concello. Dados os criterios para non ser considerada como modificación de contrato de obra, e non incorrer nun incremento de máis dun 10 % do prezo e dado que non afectan ao fondo do proxecto, nin afecta ao importe do convenio, esta unidade xestora propón a prórroga da vixencia do mesmo segundo a solicitude da entidade, é dicir:

- Nova data de vixencia do convenio: **31 de outubro de 2021**
- Nova data de xustificación do convenio: **31 de outubro de 2021**

2º Aprobar a prórroga do convenio interadministrativo de cooperación entre a Excmá. Deputación Provincial da Coruña e CONCELLO DE VALDOVIÑO con CIF P1508800H , para financiar a "Actuacións de mellora en camiños municipais e equipamentos de lecer existentes no acceso ás praias da contorna da parroquia de Meirás" cun orzamento total de 349.948,19 €

3º A subvención provincial prevista no convenio ascende a un total de 279.958,55 euros, cunha porcentaxe de financiamento do 80,0000 %.

4º A nova data de vixencia e xustificación do convenio quedará fixada no 31 de outubro de 2021

5º O presente acordo queda condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio 2021 con que facer fronte á achega provincial."

**5.- Aprobación da toma de coñecemento da información sobre o período medio de pago a provedores á que se refire o Real decreto 635/2014, do 25 de xullo, correspondente ao mes decembro de 2020 e relación detallada de todas as facturas pagadas pola Deputación, polo Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña e pola Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña entre o 1 e o 31 de decembro de 2020.**

#### **VOTACIÓN**

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 11 do PSOE, 3 do BNG, 1 de Marea

Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)  
Votan en contra: ningún/ha deputado/a  
Abstéñense: ningún/ha deputado/a

### **ACORDO**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"PRIMEIRO: Tomar coñecemento dos resultados do período medio de pago a provedores calculado cos criterios do Real decreto 635/2014, do 25 de xullo, na Deputación Provincial da Coruña, no Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña e na Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña do mes de decembro de 2020.

SEGUNDO: Tomar coñecemento, así mesmo, da relación detallada de todas as facturas pagadas pola Deputación Provincial da Coruña, polo Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña e pola Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña no período comprendido entre o 1 e o 31 de decembro de 2020.

TERCEIRO: Unha vez remitida a información que proceda ao Ministerio de Facenda, acórdase a publicación desta na páxina de internet da Deputación Provincial da Coruña.

### **6.- Dación de conta do Plan de control interno 2020-2021.**

Dáse conta a efectos informativos do Plan de control interno 2020-2021 elaborado polo órgano interventor no cumprimento do previsto no artigo 31.3 do Real decreto 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do sector público local

### **7.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e Concello de Ames na inspección do imposto sobre actividades económicas (IAE) e nos procedementos sancionadores que deriven destas actuacións.**

### **VOTACIÓN**

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 11 do PSOE, 3 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)  
Votan en contra: ningún/ha deputado/a  
Abstéñense: ningún/ha deputado/a

### **ACORDO**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1º Aprobar o convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Ames na Inspección do IAE e nos procedementos sancionadores que deriven destas actuacións, que se transcribe a continuación:

"CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE AMES NA INSPECCIÓN DO IMPOSTO SOBRE ACTIVIDADES ECONÓMICAS (IAE) E NOS PROCEDEMENTOS SANCIONADORES QUE DERIVEN DESTAS ACTUACIÓNS.

A                      Coruña  
INTERVEÑEN

Dunha parte D. Antonio Leira Piñeiro, Deputado de Economía, Facenda, Contas e Réxime Interior, en virtude das resolucións da Presidencia num. 15671/2015 e num. 16642/2015, polas que se lle delega competencia para asinar convenios da súa área, e doutra parte, D. José M. Miñones Conde, alcalde- presidente do Concello de Ames

MANIFESTAN

O Concello de Ames solicitou á Deputación Provincial da Coruña a formalización dun convenio de colaboración na inspección do imposto sobre actividades económicas.

A Deputación, en sesión plenaria celebrada o .....acordou a aprobación do convenio. O concello, en sesión plenaria, do ....., acordou a aprobación do convenio.

Que están lexitimamente facultados para actuar en nome das Corporacións ás que representan e habilitados ambos os dous representantes corporativos para convir as condicións xerais que afectan ao presente acordo, proceden a formalizar o presente convenio de acordo coas seguintes

#### ESTIPULACIÓNS

No marco de colaboración mutua que debe presidir as relacións entre as administracións públicas e conforme ao establecido no artigo 3.1 k) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e particularmente en materia tributaria, no artigo 5.5 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, no que se indica que poderán establecerse fórmulas de colaboración para a aplicación dos tributos entre as entidades locais, os representantes de ambas as dúas partes consideran que sería beneficioso para o cumprimento dos seus respectivos fins o establecemento dun sistema de colaboración mutua na inspección do imposto sobre actividades económicas.

Asemade, este principio de colaboración está tamén contemplado na normativa local, no artigo 8 do Real decreto 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, no que se indica que as administracións tributarias do Estado, das Comunidades Autónomas e das Entidades Locais colaborarán en todas as ordes de xestión, liquidación, inspección e recadación dos tributos locais, así como nos artigos 10, 55 e 106.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

O Pleno do Concello de Ames en sesión do vinte e cinco de outubro de dous mil doce adoptou, entre outros, o acordo de delegar na Deputación Provincial da Coruña, o exercicio de competencias tributarias nos termos e condicións recollidos nas bases para a prestación de servizos tributarios aos concellos da provincia,

aprobadas pola Corporación provincial en sesión plenaria do vinte e nove de xuño de dous mil un, respecto da seguinte materia: xestión e recadación voluntaria e executiva do imposto sobre actividades económicas ou do imposto municipal que o complementa ou substitúa no futuro, así como a facultade para, de acordo co establecido no artigo 92 da Lei reguladora das facendas locais, solicitar da administración tributaria do Estado a delegación das funcións de xestión censual e inspección, e establecer coa devandita administración as oportunas fórmulas de colaboración na materia de inspección en relación con este mesmo imposto. Esta delegación de competencias na Deputación provincial está vixente.

Sendo xuridicamente procedente o establecemento do citado sistema de colaboración mutua na inspección do imposto sobre actividades económicas, ambas as dúas partes acordan celebrar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN, que se rexerá polas seguintes

## CLAUSULAS

### 1. OBXECTO DO CONVENIO.

É obxecto do presente convenio reforzar a colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Ames na inspección do imposto sobre actividades económicas (IAE) e nos procedementos sancionadores que deriven destas actuacións.

Esta colaboración desenvolverase dentro do marco normativo establecido nas bases para a prestación dos servizos tributarios e a Ordenanza fiscal número 5, reguladora da taxa pola prestación dos servizos tributarios aprobadas pola Deputación da Coruña.

### 2. PROCEDEMENTO.

Mantense vixente nos seus propios termos o contido da delegación que na materia de inspección do IAE acordou o Pleno do Concello de Ames en sesión do vinte e cinco de outubro de dous mil doce, toda vez que non variaron os motivos e circunstancias que deron lugar á devandita delegación, isto é, a falta de dotación de medios materiais e persoais.

A delegación de competencias supón que a Deputación asume a totalidade de funcións e atribucións necesarias para levar a cabo o exercicio das competencias de inspección, neste caso, do IAE.

Por iso, correspóndelle á Unidade de Inspección da Deputación provincial a instrución e resolución dos expedientes de inspección e sancionadores do IAE.

### 3. EXTENSIÓN DA COLABORACIÓN.

A Deputación da Coruña elaborará e aprobará o plan de inspección, con especificación dos criterios tidos en conta.

Unha vez aprobado o plan de inspección, porase en coñecemento do Concello de Ames.

Correspóndelle á Deputación Provincial da Coruña, a través da súa Unidade de

Inspección, a dirección das actuacións realizadas nos expedientes de inspección e sancionadores do imposto de actividades económicas do Concello de Ames, o seu impulso, comprobación, e sinatura dende a fase de instrución ata a conclusión, por medio dos seus funcionarios actuarios.

O Concello de Ames colaborará coa Deputación da Coruña, directamente e/ou a través dos apoios externos contrata- dos polo concellos, realizando as seguintes actuacións en relación con expedientes tramitados no ámbito deste convenio:

- .º.-Directamente, o Concello de Ames, colaborará co traballo dun funcionario do cadro de persoal, enxeñeiro/a municipal, e, no seu caso, cun técnico de inspección tributaria, para a realización de visitas de inspección e a emisión de informes de tipo técnico nas actuacións que así o requiran nos expedientes tramitados no ámbito deste convenio e sempre dentro do ámbito das súas competencias.
- .º.-Para todas as tarefas de colaboración e apoio administrativo que non requiran a intervención de funcionario público, o concello poderá recadar os apoios externos que lle solicite a Deputación provincial a través de empresas colaboradoras ou outras fórmulas que considere. O resto, isto é, as que necesariamente deban ser desempeñadas por funcionario público, serán por conta da Unidade de Inspección da Deputación provincial.

Este apoio externo poderá ser substituído pola colaboración que realice un funcionario municipal capacitado, técnico de Inspección Tributaria, segundo consta na relación de postos de traballo vixente.

Así mesmo, o Concello de Ames poderá contratar asesoramento e colaboración externa para a realización “in situ” de todas as fases dos procedementos de comprobación e/ou inspección fiscal e sancionadores, sendo esixible nestes casos a presenza de funcionario público municipal ou provincial.

Este apoio municipal, que colaborará en todo momento coa Unidade de Inspección da Deputación provincial e sempre baixo a súa dirección, poderá, entre outras funcións:

- Propoñer á Deputación as actuacións que se han realizar para que esta, se o considera conveniente, as inclúa no plan de inspección e inicie o procedemento de inspección. Na proposta detallarase os criterios tidos en conta.
- Atender, recoller a documentación e informar aos obrigados tributarios sobre as normas de aplicación do procedemento de inspección e sobre o alcance das obrigas e dereitos que delas se deriven.
- Propoñer á Deputación a documentación específica, tendo en conta a actividade que se ha desenvolver, que se debe incluír nos requirimentos que se vaian realizar.
- Controlar os requirimentos non atendidos ou atendidos de forma incompleta ou incorrecta. Informará á Deputación para que, no seu caso, esta desenvolva as actuacións que se estimen oportunas.
- Propoñer á Deputación a nova documentación que se ha requirir, tendo en conta a documentación xa achegada.

- Realizar as actuacións de comprobación e investigación nos locais onde se exerce a actividade, acompañados de funcionario municipal ou provincial.
- Compilar a documentación xeral de tipo técnico (lexislación, estudos, etc.), xurídico (lexislación, consultas, xurisprudencia etc.), ou particular de tipo público (páxinas web, boletíns oficiais etc.) necesaria para a instrución do expediente.
- La colaboración externa poderá incluír a elaboración de comunicacións, dilixencias, actas, informes ampliatorios, propostas de regularización, propostas de sanción e demais documentos integrantes do expediente inspector ou sancionador, para a súa sinatura, se procede, polos funcionarios actuarios pertencentes á Deputación provincial. Informar das actuacións realizadas, os feitos, a lexislación aplicable e as conclusións.
- Colaborar coa Unidade de Inspección da Deputación provincial, e baixo a dirección desta, na resolución dos recursos de reposición que se interpoñan contra os actos ditados en relación cos expedientes inspectores e sancionadores, nos termos establecidos no apartado anterior.
- Realizar todas as tarefas de tipo administrativo e informático (gravación de datos, confección de documentos, notificacións etc.) relacionadas coas actuacións inspectoras e cos expedientes sancionadores derivados delas. Para tal efecto, o apoio externo utilizará a aplicación informática que empregue a Deputación Provincial da Coruña, debéndose observar as instrucións de identificación e autenticación fixadas pola Deputación. Para iso, a Deputación porá á súa disposición a utilización da aplicación informática.

#### 4. COMISIÓN MIXTA.

Para os efectos de coordinar as actividades necesarias para a execución do presente convenio, crearase unha comisión técnica de coordinación e control, formada por un representante de cada unha das administracións.

A antedita comisión reunirse por instancia de calquera das partes, e terá as seguintes funcións:

- Coordinar a execución do convenio
- Dirixir e controlar o cumprimento do convenio
- Calquera outra que puideran derivarse do presente convenio

#### 5. ENTRADA EN VIGOR E PRAZO DE VIXENCIA.

O presente convenio, que logo da aprobación polos plenos de ambas as dúas corporacións, entrará en vigor ao día seguinte ao da súa publicación, terá un prazo de vixencia de dous anos e quedará automaticamente renovado por iguais períodos sucesivos, salvo que algunha das dúas administracións interesadas expresase a súa vontade en contrario mediante a adopción do correspondente acordo, que deberá ser notificado á outra parte dentro dos tres meses anteriores á finalización

do período.

Será de aplicación o disposto no artigo 6.e) da Ordenanza fiscal n.º 5 da Deputación.

#### 6. TAXA POR PRESTACIÓN DO SERVIZO.

As taxas que ha aboar o Concello de Ames polas cantidades cobradas como consecuencia de liquidacións derivadas deste labor inspector serán as seguintes:

- 2,5% do importe das cotas recadadas en período voluntario.
- 75% do importe das recargas de prema recadadas en período executivo.

#### 7. PROTECCIÓN DE DATOS.

A presente cláusula incorporárase en cumprimento da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

Como queira que as competencias de inspección do imposto sobre actividades económicas do Concello de Ames están delegadas na Deputación da Coruña é esta quen ten a condición de responsable dos ficheiros xerados en virtude da actuación delegada, sendo o Concello de Ames responsable do tratamento daqueles ficheiros precisos para o desenvolvemento da colaboración descrita neste convenio, non considerándose comunicación de datos a un terceiro o acceso a estes da asistencia técnica do concello, ao tratarse dun acceso necesario para a prestación dun servizo ao responsable do tratamento, segundo dispón o artigo 33 da devandita lei."

PRESIDENTE P.D.,

O DEPUTADO DE ECONOMÍA E FACENDA

Antonio Leira Piñeiro

O ALCALDE-PRESIDENTE DO  
CONCELLO DE AMES

José M. Miñones Conde

O PRESIDENTE

Asdo.: Valentín González Formoso

O SECRETARIO

Asdo. José Luis Almau Supervía"

Non obstante, vostede acordará"

2º Facultar o Sr. Presidente para a execución do acordo anterior."

### **8.- Aprobación definitiva da relación de postos de traballo, cadro de persoal e organigrama 2021**

#### **VOTACIÓN**

Votan a favor: 16 deputados/as (11 do PSOE, 3 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: 14 deputados/as (PP)

## **ACORDO**

O Pleno, por maioría, cos votos a favor do PSOE, BNG, Marea Atlántica e Alternativa dos Veciños e a abstención do PP, acorda:

"En relación co Acordo Plenario de 27/11/2020 de aprobación inicial da relación de postos de traballo, cadro de persoal e organigrama 2021 e as alegacións formuladas contra él, dentro do prazo legal, e tendo en conta os seguintes

Antecedentes de feito.

O 21/11/2020, a Corporación provincial acordou aprobar inicialmente a relación de postos de traballo, o cadro de persoal e a organigrama 2021. Exposto o expediente ao público na Secretaría Xeral desta Deputación e dentro do prazo legalmente establecido presentáse pola Unión Sindical Obrera ( en adiante USO) escrito formulando alegacións ó acordo plenario de aprobación inicial da relación de postos de traballo para o exercicio 2021, relativas o número de persoal funcionario interino e persoal laboral indefinido no fixo, a ausencia do coste derivado dos procesos de promoción interna e do teletraballo, a discriminación duns empregados respecto doutros, a provisión de postos de traballo por libre designación e a necesidade de aumentar o cadro de persoal para mellorar a función de asistencia xurídica, económica e técnica aos municipios.

Fundamentos de dereito.

En relación coas alegacións formuladas pola USO debe indicarse que no escrito que as contén non se cita vulneración algunha de precepto legal ou regulamentario. No entanto, entrando no seu contido concreto, debe dicirse que a maior parte das prazas ocupadas por persoal funcionario interino están incluídas nas ofertas de emprego aprobadas e que se atopan pendentes de execución, dentro do prazo concedido pola lei para iso, e en canto ao número de prazas ocupadas por persoal laboral indefinido, como figura no cadro de persoal aprobado polo mesmo acordo plenario, ascende a tres, polo que non se axusta á realidade o escrito do USO no que ás mesmas se refire. Polo que respecta á promoción interna a alegante sen dúbida descoñece os frecuentes procesos desta natureza que tiveron lugar nesta administración pública nos últimos anos, e que afectaron a un elevado número dos seus empregados. A eventual cuantificación do teletraballo levaráse a cabo cando se acometa a regulación do mesmo. Aínda que a alegante non concreta en que consiste a discriminación duns empregados con respecto a outros, cumpre sinalar que os complementos específicos que figuran na relación de postos de traballo son o resultado dun proceso de valoración de postos de traballo levado a cabo nesta Deputación e que contou coa participación e aprobación das centrais sindicais presentes na Mesa Xeral de Negociación desta administración. Unicamente en 22 postos de traballo está prevista a libre designación como forma de provisión, o que supón menos do 3% do total de postos, e en todo caso trátase de postos dos previstos na lexislación aplicable respecto (artigo 92 da Lei 2/2015, de emprego público de Galicia, artigo 27 do Real Decreto 128/2018, que regula o réxime xurídico dos funcionarios de administración local con habilitación de carácter nacional). Respecto da asistencia xurídica, económica e técnica aos municipios, ademais da existencia de unidades

administrativas específicas, debe sinalarse que o catálogo de postos de traballo aprobado con motivo da valoración á que se fixo referencia inclúe na práctica totalidade dos postos desta organización o asesoramento, asistencia e apoio técnico en materias da súa competencia con especial atención a todas as cuestións provenientes das relacións interadministrativas que manteña a Deputación cos municipios da provincia. De todo o que antecede despréndese que as alegacións en cuestión non expoñen ningunha dúbida razoable de legalidade.

En consecuencia, á vista do establecido no artigo 33.2.f da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases de réxime local, que lle atribúe ao Pleno a competencia para a aprobación da relación de postos de traballo e nos artigos 90 da Lei 7/1985 do 2 de abril, de bases de réxime local, en relación cos artigos 126 e 127 do Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, Texto refundido das disposicións vixentes en materia de réxime local e 202 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia,

#### ACÓRDASE

-Desestimar as alegacións formuladas por USO.

-Aprobar definitivamente a relación de postos de traballo, o cadro de persoal e o organigrama 2021.

Remitirase copia do cadro de persoal e da relación de postos de traballo aos órganos competentes da Administración Xeral do Estado e da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, ordenándose a súa publicación íntegra no BOP."

#### **9.- Aprobación do cambio de denominación do IES Calvo Sotelo.**

##### **VOTACIÓN**

Votan a favor: 29 deputados/as (14 do PP, 11 do PSOE, 3 do BNG, e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: 1 deputado (Marea Atlántica).

##### **ACORDO**

O Pleno, por maioría, cos votos a favor do PP, PSOE, BNG e Alternativa dos Veciños e a abstención de Marea Atlántica, acorda:

"Visto o expediente iniciado polo Consello Escolar do IES Calvo Sotelo o Pleno acorda:

1. Aprobar o cambio de denominación do IES Calvo Sotelo polo de IES Rosalía Mera.
2. Remitir o acordo á Consellería de Cultura, Educación e Universidade.
3. Publicar o acordo no BOP, data a partir de la cal entrará en vigor o cambio de denominación."

## ACTUACIÓN DE CONTROL: MOCIÓNS

### Sr. Presidente

Hai unha moción presentada polo Grupo Provincial Popular para instar á institución a facilitar e reducir os distintos problemas que se lles presentan cada ano ás entidades que participan nas convocatorias de subvencións de concorrencia competitiva publicadas por esta Deputación provincial.

**1.Moción que presenta o Grupo Provincial Popular na Deputación da Coruña, para instar á institución a facilitar e reducir os distintos problemas que se lles presentan cada ano ás entidades que participan nas distintas convocatorias de subvención de concorrencia competitiva publicadas por esta Deputación Provincial.**

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As entidades sen ánimo de lucro son persoas xurídicas que, como o seu propio nome indica, non perseguen a obtención dun beneficio económico, senón que a súa misión é a realización de actividades en beneficio dos seus asociados, de terceiras persoas ou da comunidade en xeral, cuxo principal obxectivo é: social, deportivo, artístico, aumentar o benestar comunitario, etc.

Ano tras ano, as distintas convocatorias de subvencións en réxime de concorrencia competitiva que publica a Deputación de A Coruña, dirixida as citadas entidades sen ánimo de lucro, federacións, etc, quedan nunha parte importante no tocante ao crédito destinado as mesmas desertas, por mor dos distintos problemas que se lle presentan, en canto non so a presentación da documentación así como a súa posterior xustificación.

E importante suñar que a maioría destas entidades, están dirixidas por persoas que dedican de forma altruista moito tempo e esforzo a nivel persoal e sen retribución alguna para mantelas en funcionamento co obxecto de fomentar nos seus respectivos ámbitos o deporte, actividades culturais, benefico-social, etc.

Son entidades extratécnicas que complementan en moitos casos actividades reservadas as administracións públicas, por eso precisan dunha axuda extraordinaria por parte da administración.

Unha das queixas mas importantes por parte destas entidades, e que a normativa e cada vez mas complexa, e ese grado de complexidad non está sempre en relación coa cantidade solicitada e concedida, pero ademais carecen de persoal especializado para dar cumprimento ao establecido na solicitude da convocatoria, por iso na maioría dos casos veñen obrigadas a desistir da solicitude.

Ante esa situación e facendo un chamamento a todos os representantes públicos desta Corporación e ao seu sentido do deber e da responsabilidade, o Grupo Provincial Popular insta o Pleno da Deputación da Coruña, a adoptar o seguinte:

## ACORDO

Que por parte da Deputación da Coruña, se reforce o persoal dedicado a atender as convocatorias de subvencións durante os prazos de apertura das solicitudes, de xeito que todas as entidades ás que van dirixidas reciban a axuda necesaria para poder acceder as mesmas.

### Sr. Ben Otero

Bos días presidente, bos días compañeiras e compañeiros. Este é un tema que xa viñamos anunciando nas distintas comisións e demais, preocúpanos basicamente que a liña de axudas que saen da Deputación veñen ser moitas veces como o pau e a cenoria, é dicir, anúncianse axudas, que poden ser de interese pero finalmente, pola dificultade na súa tramitación, e ás veces por falta de preparación daquelas persoas que están á fronte de clubs deportivos, entidades, etc., a falta de preparación nas novas tecnoloxías e demais, moita xente acaba renunciando. A nós parécenos realmente preocupante que se ese diñeiro se pode poñer á disposición e finalmente non está a chegar ano tras ano, eu creo que temos que analizar que é o que está a pasar, temos que reforzar o cadro de persoal e facilitar, na medida do posible, a estas entidades que poidan acceder a estas axudas para ese fin que están creadas. Non me vou estender moito máis porque eu creo que é algo bastante sinxelo, bastante lóxico e que creo que esas axudas se poñen no orzamento e se sacan adiante cada ano sexa coa finalidade de que cheguen ás entidades e non que de novo volvan á casa e queden sen executar. Nada máis, grazas.

### Sr. Lema Suárez

Nós imos apoiar esta moción, nós pensamos que todo o que axude a axilizar a tramitación e o funcionamento desta administración é positivo e que axude tamén a mellorar a porcentaxe de execución do orzamento, entón imos apoiar esta moción do Partido Popular.

### Sr. Couto Rodríguez

Bo día a todas e a todos. Vou comezar un pouco facendo unha valoración de como creo que temos desde a Deputación da Coruña todo o que atinxe ás subvencións. E vou comezar afirmando que seguramente pode existir algunha entidade que teña dificultades para solicitar algunha axuda, e é evidente que isto pasa nesta administración ou en calquera outra administración, e non só a entidades sen ánimo de lucro, incluso penso que teremos seguramente escoitado a empresas, autónomos, queixarse en moitas ocasións das dificultades burocráticas para acceder a determinadas axudas.

Tamén temos que poñer, creo, enriba da mesa a tramitación telemática e as queixas que seguro que vostedes e nós temos escoitado dos problemas de acceso a Internet que hai en moitas zonas ou en partes do noso territorio, iso xa non é da nosa competencia, pero existen, que obriga ou ben a non presentalas ou a ter incluso que desprazarse, e quero tamén desde aquí agradecer o esforzo de todo o persoal da Deputación que axuda tamén telefonicamente, ou desde o CAU nas dificultades

informáticas. Mais iso non debe, desde logo, creo que xeneralizarse e os datos que temos de solicitudes, de concesións, nesta casa, eu creo que desmontan que sexa un problema xeneralizado e que se precise un incremento de persoal específico que teña como función única asesorar no período de solicitudes, aínda así, e despois concluirei isto que acabo de dicir.

E quero poñer datos enriba da mesa tamén, porque estes últimos anos non fixo máis que aumentar o importe das subvencións por concorrència competitiva, e tamén o número de solicitudes, do mesmo xeito que podemos afirmar que se fixo un esforzo por simplificar as convocatorias e por facelas máis específicas para que poidan ser o máis concretas posibles e intentando deste xeito tamén facilitar as solicitudes. Un exemplo disto, de simplificar e de facer máis específicas as convocatorias para facilitar os programas, desde a área de Cultura a partir do ano 2016 convócanse seis programas dirixidos a financiar actividades e investimentos das entidades de, por exemplo, música tradicional na FO213 ou 214, a financiar festivais organizados ou por concellos ou por entidades, como son a FO221 ou 223, a financiar a contratación de técnicos de museos municipais, como a FO216, e a financiar as fundacións na FO200.

Paso a facilitar tamén datos que creo que son moi ilustrativos do incremento importante que houbo no número de solicitudes que se veñen dando nos últimos anos e temos tamén que ser conscientes da situación moi especial tamén que vivimos no pasado ano 2020.

Por dar uns datos, en Cultura no ano 2015 presentábanse 626, das que se concederon 519, e o seu importe superaba un pouco máis o millón de euros. En 2019 presentáronse 831 solicitudes, concedéndose 717, e no ano 2020 chegaronse a presentar 866, o número incrementábase. Isto é, desde 2015 a 2020 o número de solicitudes incrementouse só en Cultura en máis de 240 entidades. En Igualdade pasaba un pouco o mesmo cunhas cifras máis pequenas, porque en 2015 tiñamos unha diferenza con respecto a 2020 de máis de 20 solicitudes a maiores. En Servizos Sociais os datos tamén indican un incremento importante en número de entidades que piden, e en 2015 foi de 195, mentres que en 2020 foi de 234, temos aquí os datos.

Poderíamos tamén falar de Promoción Económica, de Deportes, tamén en que se incrementan tanto os importes como o número de solicitudes. Os datos totais que aparecen recollidos no informe de Intervención que ía co orzamento para o ano 2021, indican que desde o ano 2012 ata o 2020 houbo un incremento de solicitudes de 608 entidades, en termos económicos pasamos de conceder en 2012 unha cantidade de 4.774.211 euros, a conceder en 2019 15.000.000 de euros en concorrència competitiva.

Admitindo que, loxicamente, todo pode mellorar, creo que esas melloras pasan por ir concretando, simplificando e facendo máis específicas as bases dentro do que a normativa vixente permita. Convíдовos tamén a participar para ver esas posibles melloras e estudar tamén se é legalmente posible a plurianualidade dalgunhas das convocatorias que serían en todo caso moi interesante.

Polo tanto, tamén considero que as diferentes áreas fixeron nos últimos anos esforzos importantes por mellorar, tanto tecnicamente como economicamente estas

convocatorias, e iso fixo posible un incremento de solicitudes e que se presentasen tamén programas que están chegando a un maior número de veciños e de veciñas da provincia, e creo que é esta a liña en que debemos de seguir traballando. Aínda así, desde o Goberno comprometémonos a estudar a posibilidade de incorporar persoal para intentar que todo o proceso sexa máis áxil e fluído para todos, para as entidades e concellos a quen nos debemos e máis áxil tamén para os traballadores e traballadoras desta casa, aos cales sempre lles agradeceremos o esforzo, como xa indiquei anteriormente. Por iso anuncio o voto a favor a esta moción. Grazas.

#### Sr. Fernández Piñeiro

Brevemente, nós non temos inconveniente na moción, si que é claro que, non como emenda, pero si que cómpre aclaralo, que entendemos que isto, antes de procederse á contratación, que é o acordo concreto da moción, haberá que facer un informe das necesidades de cada un dos departamentos de cara a estipular cal vai ser o incremento, non o incremento de forma xenérica, tal e como se pon aquí, porque non se concreta, entendo que é lóxico que non se concrete ademais, polo tanto non teríamos inconveniente en apoiar a moción, pero deixando claro que hai que facer un estudo previo das necesidades de cada departamento. E si un pouco seguir no argumento que comentaba o outro día, é dicir, ás veces o atraso ou as dificultades non veñen dadas só por falta de persoal nos departamentos, en moitas ocasións, como comentabamos o outro día, a pesar de que hai ese servizo de asesoramento hai entidades que non saben e non o solicitan. Polo tanto, tamén habería que facer un esforzo digamos á hora de informar de que as entidades teñen eses servizos á súa disposición, tal e como comentaba o outro día a Oficial Maior nesa Xunta de voceiros que tivemos.

Por tanto entendendo que non hai ningún tipo de problema, que hai que facer un estudo para, como digo, ver as necesidades de cada un deses departamentos, si que hai que mellorar a canle de información para que as entidades saiban que teñen á súa disposición ese sistema de asesoramento á hora de tramitar todas as achegas que consideren oportunas.

#### Sr. Ben Otero

Presidente, non se fala en ningún caso de contratar, fálase de reforzar na moción, o que di literalmente a moción, reforzar.

Eu creo que temos que facer un esforzo en ser didácticos, en explicar, que a xente saiba as axudas a que pode acceder nesta casa, que son moitas. Eu ao compañeiro do Bloque diríalle que hai que encaixar un pouquiño cando se está no Goberno, non só hai que golpear, non está na oposición, hai que saber encaixar tamén un pouquiño. Esta non é unha moción contra ninguén, é unha moción a favor das entidades, nin sequera é unha crítica ao Goberno, é un tema que puido suceder no tempo con anterioridade tamén, pero eu non quero facer política co retrovisor permanentemente, paréceme un erro, hai que mirar cara a adiante. A min gustaríame saber, porque eu eses datos non os teño, e dixéronme que non eran fáciles de conseguir, canto diñeiro do que se ofrece cada ano nas subvencións de concorrência competitiva queda sen chegar ás entidades, non as que se van sumando cada ano, que me parece moi ben, perfecto que cada ano haxa máis, canto diñeiro queda na

casa e non chega ás entidades? Esa é a pregunta que nos temos que facer, porque debuxamos un orzamento, o papel todo o aguanta, cada ano ofrecemos tanto e cada ano queda tanto sen ir a ningún sitio, remanente. Oia, isto non vai así, isto non vai así, aquí estamos para axudar.

Eu dígolle, convídoos a pisar o territorio, no sentido de que pisar o territorio, escoitar e aprender da xente alí, non aquí, só escoitalos e recibilos aquí, hai que visitar o territorio, escoitar á xente, aprender e saber que moita xente non sabe nin que hai axudas para un club de fútbol, que é xente humilde, xubilada, que non ten nin medios nin coñecementos para o dificultoso que é acceder a certas subvencións, e están a dedicar o seu tempo para que os nosos fillos xoguen ao fútbol a fin de semana, para que fagan unha vida saudable, e a esa xente hai que axudala. Non hai que dicir, conformarnos, ou crernos c..., con perdón da expresión, que está gravada, dicindo non, é que dei dez subvenciones máis que o ano pasado, non, preocúpame as que quedan sen dar.

En consecuencia, non é unha moción contra ninguén, é unha moción a favor do tecido asociativo da provincia da Coruña, espero que o teñan en consideración, non sei se teñen que contratar a alguén máis ou non, si que reforcen o sistema, que se contacte coas entidades, que teñan coñecemento destas cousas, e que todos xuntos mellorem.

Por suposto, agradecemos o esforzo, eu díxeno en varias ocasións, hoxe de novo, que fan os traballadores desta casa, ninguén cuestiona iso, se cadra hai que reforzar algún Servizo nalgún momento. Nada máis.

#### Sr. Couto Rodríguez

Eu tampouco entendín que esta moción fose contra ninguén, simplemente expuxen uns datos aquí que son así, os datos son evidentemente así.

Na parte da moción explicábase que había solicitudes que eran difíciles de entrar nesta casa por vías telemáticas e eu expuxen aquí que cada vez hai máis solicitudes. De todas maneiras, resulta que eu expuxen na miña parte final da exposición que si que nos comprometíamos a estudar, evidentemente, se era necesario, incorporar persoal para intentar que todo fose máis fluído, evidentemente, e aí eu creo que tampouco ía contra ninguén nin o tomei así nunca, evidentemente, é máis, expuxen que íamos votar a favor con esa salvidade que tamén comentou Bernardo que o noso compromiso é estudar que todo sexa máis áxil, como sempre o fixemos.

#### **VOTACIÓN**

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 11 do PSOE, 3 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

O Pleno, por unanimidade, aproba a seguinte moción:

**"Moción que presenta o Grupo Provincial Popular na Deputación da Coruña, para instar á institución a facilitar e reducir os distintos problemas que se lles presentan cada ano ás entidades que participan nas distintas convocatorias de subvención de concorrencia competitiva publicadas por esta Deputación Provincial.**

#### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As entidades sen ánimo de lucro son persoas xurídicas que, como o seu propio nome indica, non perseguen a obtención dun beneficio económico, senón que a súa misión é a realización de actividades en beneficio dos seus asociados, de terceiras persoas ou da comunidade en xeral, cuxo principal obxectivo é: social, deportivo, artístico, aumentar o benestar comunitario, etc.

Ano tras ano, as distintas convocatorias de subvencións en réxime de concorrencia competitiva que publica a Deputación de A Coruña, dirixida as citadas entidades sen ánimo de lucro, federacións, etc, quedan nunha parte importante no tocante ao crédito destinado as mesmas desertas, por mor dos distintos problemas que se lle presentan, en canto non so a presentación da documentación así como a súa posterior xustificación.

E importante suñar que a maioría destas entidades, están dirixidas por persoas que dedican de forma altruista moito tempo e esforzo a nivel persoal e sen retribución alguna para mantelas en funcionamento co obxecto de fomentar nos seus respectivos ámbitos o deporte, actividades culturais, benefico-social, etc.

Son entidades extratécnicas que complementan en moitos casos actividades reservadas as administracións públicas, por eso precisan dunha axuda extraordinaria por parte da administración.

Unha das queixas mas importantes por parte destas entidades, e que a normativa e cada vez mas complexa, e ese grado de complexidad non está sempre en relación coa cantidade solicitada e concedida, pero ademais carecen de persoal especializado para dar cumprimento ao establecido na solicitude da convocatoria, por iso na maioría dos casos veñen obrigadas a desistir da solicitude.

Ante esa situación e facendo un chamamento a todos os representantes públicos desta Corporación e ao seu sentido do deber e da responsabilidade, o Grupo Provincial Popular insta o Pleno da Deputación da Coruña, a adoptar o seguinte:

#### ACORDO

Que por parte da Deputación da Coruña, se reforce o persoal dedicado a atender as convocatorias de subvencións durante os prazos de apertura das solicitudes, de xeito que todas as entidades ás que van dirixidas reciban a axuda necesaria para poder acceder as mesmas."

Sr. Presidente

Hai unha segunda moción, que presentan os Grupos provinciais do PSdeG-PSOE e BNG, pola que se insta á Xunta de Galicia a incrementar o financiamento do servizo de axuda no fogar.

Sr. Fernández Piñeiro

Sr. Presidente, por decisión dos dous Grupos, solicitamos a retirada da orde do día desta moción.

### **VOTACIÓN**

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 11 do PSOE, 3 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

Acórdase por unanimidade a retirada da moción.

Sr. Presidente

Había unha serie de mocións presentadas fóra da orde do día que ratificaremos previamente a urxencia e despois procederemos á súa votación.

A primeira presentada polo Grupo Marea Atlántica.

### **I.Moción sobre tecido industrial na provincia.**

#### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

Endesa, Gamesa, Poligal, Isolux... son algúns dos nomes das empresas do sector industrial nas comarcas da Coruña e Ferrolterra pechadas nos últimos dous anos. A estas hai que sumarlle a incerta situación da fábrica de Alu Ibérica, antiga Alcoa, na Coruña, vendida a un grupo empresarial cun xeito de actuar máis característico dos fondos voitre que das empresas serias e profesionais.

Cada un destes peches supón un drama para milleiros de familias do noroeste da provincia da Coruña dependentes, de xeito indirecto ou indirecto, da súa continuidade e, nalgún caso, como o de Gamesa, o seu peche amosa, asemade, a estrutura colonial do desenvolvemento económico en Galicia, no que a extracción de materias primas, coma o vento, cun impacto paisaxístico severo, non se ve acompañada polas industrias procesadoras e auxiliares relacionadas co mesmo, é dicir, o xeradores, as palas fabricadas ou os moteres.

Resulta difícil calcular con exactitude o impacto en postos de traballo destes peches que, sumados os empregos directos e indirectos, sen dúbida superan os dous milleiros. O que nos indican os datos ofrecidos polo INE, é que no primeiro trimestre

de 2008, a provincia da Coruña contaba con 77 mil empregos no sector industrial, que no terceiro trimestre do 2020 se reduciran a 66.2. É dicir, en doce anos a nosa provincia perdeu máis de once mil empregos industriais, un 14% do total, un rexistro que empeorará cando se incorporen os últimos peches.

As causas desta verdadeira desertización industrial das nosas comarcas ten raíces históricas profundas que cómpre ter en conta. Así, a mal chamada reconversión industrial supuxo o peche dos estaleiros de titularidade pública de Ferrol, como Astano, que non foron substituídos por outras industrias que axudasen a recuperar o emprego perdido.

A esta nefasta política levada a cabo polo PSOE nos 80 engadíronselle nos 90 as privatizacións dos gobernos de Aznar, quen puxo á venda a chamada xoia da coroa da industria española, Endesa, vendida por un prezo irrisorio a unha empresa de capital público italiana Enel, que vén de pechar a súa central nas Pontes de xeito unilateral. Tamén foron acabadas de vender durante o goberno Aznar Telefónica, Argentaria, Repsol, Gas Natural, Tabacalera ou Iberia. Ás vendas destas empresas hai que sumarlle a desregulación do mercado enerxético en 1998, o que deu lugar aos prezos da luz máis caros da Unión Europea en relación coa renda per cápita, e tamén a unha perda incesante de empresas altamente consumidoras de enerxía.

Atopámonos, nestes momentos, no espertar do longo soño neoliberal, no que o mercado, na súa evolución endóxena, debía substituír e mellorar as consideradas obsoletas industrias de titularidade pública. O que o que aconteceu, en realidade, é que o Valor Engadido Bruto da Industria respecto do total da economía pasaba do 25.9% en 1980 ao 14% no 2019, mentres que na galega, no mesmo período, o peso da industria na economía pasaba de xxx a xxx.

A primeira obriga dos poderes públicos é asegurar o benestar económico das sociedades ás que representan, e non se albiscan no horizonte inmediato iniciativas lideradas polas administracións destinadas a paliar a continua perda de tecido industrial na nosa provincia. É urxente reverter esta situación e facelo desde a concertación, o diálogo institucional e o compromiso na procura de solucións inmediatas, efectivas e reais á perda de emprego na nosa provincia.

**Por todo o anteriormente exposto, instamos o Pleno da Deputación da Coruña a adopción dos seguintes acordos:**

1 Poñer en marcha unha mesa institucional formada por representantes do Ministerio de Industria, da Xunta de Galicia, da Deputación da Coruña e dos principais sociais, sindicatos e patronal, co fin de analizar a situación da industria na Coruña e elaborar un Plan de Reactivación Económica.

2 Dar traslado do seguinte acordo ao Ministerio de Industria, a Xunta de Galicia e os representantes dos principais axentes sociais.

Sr. Lema Suárez

Ratifícase a urxencia?

Sr. Presidente

Enuncia se queres a moción, e ratificamos.

Sr. Lema Suárez

É unha moción que propón a creación dunha mesa sectorial para atender, digamos, poñerlle couto a sucesivos peches de empresas e industrias da nosa comarca, no norte da provincia da Coruña. Existe unha emenda do Grupo Socialista.

Vótase a ratificación da urxencia.

### **VOTACIÓN**

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 11 do PSOE, 3 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

Apróbase a urxencia por unanimidade.

Sr. Lema Suárez

Hai unha emenda, como comentei antes, a esta moción do Grupo Socialista que exporá despois na súa quenda, supoño, o voceiro, que está aceptada.

Eu creo que a ninguén se lle escapa que vivimos unha situación que podemos cualificar de dramática na nosa comarca, na zona do norte da Coruña, a sucesión de empresas, Endesa, Gamesa, Poligal, Isolux, tamén na Coruña Alcoa, a antiga Alcoa, actual Alu Ibérica, están todas elas en situación, ou ben de peche, ou ben tamén de situación na que se albisca, no caso da coruñesa, da alumineira, un futuro ben incerto.

O que nos din os datos do Instituto Galego de Estatística é que desde 2008 ata 2020 perdéronse nada menos que 11.000 empregos industriais na Coruña, é dicir, un 14% do total, andamos perdendo a razón dun punto anual, algo máis dun punto anual. Estamos ante unha situación que podemos describir sen esaxerar de dramática, como dicíamos antes, ante un proceso de verdadeira desertización industrial, no que todos os sectores, desde o enerxético ata o de transformación e secundario, vemos que están todos eles ameazados.

Na nosa moción faise unha lectura, un pequeno resumo histórico de como chegamos a esta situación, entendemos que, como adoita suceder cos informes forenses, do que se trata, o relevante, non é dicir cal é a data na que se produce a defunción do cadáver, senón cales son as causas de defunción. Nós entendemos que o proceso de desindustrialización da nosa provincia ten a súas raíces nos procesos chamados de reconversión industrial dos anos 80 e 90, de privatización das industrias públicas e tamén de desregulación dos mercados enerxéticos. Todo isto é a nosa

análise de como chegamos a esta situación que agora padecemos.

Pensamos que todas as administracións, as tres administracións implicadas, teñen que tomar cartas no asunto, tanto a Xunta de Galicia como a administración estatal, como a propia Deputación, e ademais os axentes sociais, os sindicatos e a patronal, para poñer en marcha un plan de reactivación que eu entendo que no contexto actual no que estamos agardando pola organización da distribución dos fondos europeos, está, eu penso que máis motivada ca nunca ante, insisto, a situación de emerxencia por desertización industrial que estamos padecendo.

Hai outras mocións que van nun sentido semellante, nós incluímos, como nos corresponde á cidade da Coruña e a súa comarca nesta problemática, que é unha problemática tamén de país, unha problemática común, e que esixen, pensamos, os esforzos mancomunados de todas as administracións implicadas.

Este é, en resumidas contas, o contido da nosa moción.

#### Sr. Ben Otero

Sr. Presidente, se me permite un segundiño, eu como creo que hai tres mocións presentadas do mesmo tema, moi similar no seu fondo, se cadra podería producirse un debate conxunto, entendo eu, aínda que a votación sexa por separado. Dígoo porque os argumentos e contra-argumentos eu creo que posiblemente sexan moi similares nos tres casos. Pero ben, eu simplemente o deixo sobre a mesa e que vostedes o valoren.

Hai unha presentada antes da Xunta de Portavoces, só é esta, e xustamente antes da Xunta de Portavoces a do BNG, que tamén a presentou ese día pola mañá e logo hai o baile de San Vito de sempre da contra-moción de última hora vendo o que presentaron os demais, pero igual procedería o debate das tres en conxunto, eu, simplemente o expoño.

#### Sr. Presidente

Eu case lle deixo a Alberto a decisión por unha razón, en principio o ámbito ao que se circunscribe a moción de Alberto é a provincia, e as mocións presentadas polos outros Grupos é a área de Ferrolterra, é verdade o que dis Evaristo en canto a que a problemática é xeneralizada pero é verdade tamén que naquel territorio hai sectores moi específicos que ao mellor merecen un tratamento á parte. Pero en calquera caso eu déixolle a Alberto, que é o propoñente desta moción concreta, que o decida el.

#### Sr. Lema Suárez

Eu de cara a axilizar o debate, que creo que tamén é o que está de fondo, e dado o fin, aínda que non sexan exactamente iguais, o contido das mocións si é moi semellante, cambia un pouquiño, como acaba de dicir o presidente, o foco, esta é máis ampla, as outras son máis localizadas na zona de Ferrolterra pero eu penso que a prol de axilizar o debate acepto esa proposta que se debatan todas por xunto e se voten separadamente.

## Sr. Presidente

Procedemos entón a debater as distintas mocións presentadas, se vos parece, e despois a votación si que sería independente.

### **II.Moción relativa á crise económica nas comarcas de Ferrol, Eume e Ortegal**

O recente anuncio do peche de Siemens-Gameasa no Concello das Somozas, o peche da central térmica das Pontes, a situación de colapso na ría de Ferrol e a falta de traballo en Navantia deixa ás comarcas de Ferrolterra, Eume e Ortegal nunha situación de emerxencia económica e social, un panorama no que todos aqueles sectores ou empresas estratéxicos, dos que depende a comarca, están pechando ou en situación de parálise.

O anunciado peche da central térmica das Pontes, despois de esgotar os recursos mineiros da localidade e de transformar radicalmente o territorio, supón un reto económico e social de enormes dimensións para a comarca de Ferrol. Neste sentido, un informe elaborado polo Concello das Pontes, coa participación dunha consultora e un bufete especializados en temas mineiros e industriais, estima: "en cálculos globais, conforme a declaracións do ano 2016 da propia Endesa (Jefatura de Servicios Económicos de la UPT), a contribución da central, entre salarios, tributos e compras a provedores ascendía 38.000.000 €/ano". O informe abunda tamén na perda de postos de traballo, en termos directos e máis de prexuízo circular ou de arrastre, estimando que a perda estaría nun intervalo de 1.000 a 1.400 postos de traballo. Peche que se produce sen alternativa algunha a día de hoxe, o que desminte os discursos governativos da transición enerxética, retratándoa como un desmantelamento puro e duro, con renuncia expresa por parte dos gobernos a empregar os instrumentos normativos e de promoción empresarial á súa disposición.

A perda de postos de traballo en Navantia-Ferrol, ao redor de 2.000 persoas nos últimos meses, seguirá aumentando até a próxima entrega do último buque en construción para a armada australiana. E non existe un horizonte próximo, nin tan sequera coñecido, para o inicio de novos programas de construción naval, máis aló das difusas noticias sobre as novas fragatas 110 para a armada española, cun calendario construtivo en canto a inicio e picos de ocupación que, por afastados no tempo (máis de 2 anos), non representan unha opción real de emprego para ninguén do sector. O confinamento de Navantia na ría de Ferrol ao sector militar ten provocado unha crise xa estrutural na comarca de Ferrol. Malia esta evidencia, as directrices gobernativas para a empresa mantéñense na liña de redución ou renuncia a todas aquelas outras actividades alternativas, léase turbinas, ou a eólica mariña, e a consabida construción civil respectivamente. Neste escenario, e cos precedentes históricos, resulta preocupante a falta de investimentos para modernizar as instalacións, tanto en reparacións, como en novas construcións, sendo especialmente relevante a falta de compromisos orzamentarios para a construción do anunciado, e necesario, dique cuberto.

O recentemente coñecido peche da fábrica de SIEMENS-GAMESA no Concello das Somozas, que viña empregando a 300 persoas, e que xeraba unha importante actividade inducida sobre todo no sector transporte e no porto de Ferrol, supón outro golpe mortal para a comarca, xusto nun sector -o da industria de compoñentes para a

xeración de enerxía eólica- que se nos anunciaba motor da reactivación económica. Igual que nos casos anteriores, tampouco os comportamentos dos diferentes gobernos para evitar esta nova crise industrial está á altura das necesidades.

A maiores de todo o anterior, a situación actual da ría de Ferrol é de colapso absoluto, cunha produción de escasamente un 10% da que existía hai tan só dez anos. Este descenso na capacidade produtiva da ría vai expulsando do sector, de xeito progresivo e ininterrompido ás persoas que até o de agora viñan traballando e vivindo del. Todas as persoas do sector e do mundo académico con coñecemento de causa coinciden na necesidade de realizar un estudo da situación da ría, co obxectivo de determinar as causas que provocan a caída da produción, e das posibles solucións. Mais a posta en común da necesidade de realizar o estudo, incluído un acordo do Parlamento galego adoptado por unanimidade de todos os grupos, non parece suficiente para que se concrete na práctica, nunha parálise governativa que significa de facto a morte da ría, e que raia polo tanto no criminal.

Atopámonos pois nunha situación que require de actuacións concretas por parte dos gobernos galego e español, nun escenario no que é urxente a activación de medidas que contribúan á recuperación industrial e garantan o desenvolvemento económico e a creación de emprego nunha comarca que xa non pode agardar máis.

Por todo o anteriormente exposto, propoñemos ao Pleno da Deputación Provincial da Coruña á adopción dos seguintes acordos:

1.- Instar á Xunta de Galicia e ao Goberno Central a presentar, con carácter urxente, un plan de desenvolvemento económico para as comarcas de Ferrolterra, Eume e Ortegal, co fin de garantir o traballo actual e das futuras xeracións, partindo do tecido empresarial existente (Endesa, Navantia, Gamesa) e das potencialidades da propia comarca (nomeadamente o sector marisqueiro da ría de Ferrol), con medidas de actuación inmediatas, proxectos concretos, partidas orzamentarias e prazos de execución.

2.- Mostrar o apoio á folga xeral do 25 de febreiro e ás mobilizacións propostas polas centrais sindicais en defensa dos postos de traballo.

### **III. Moción do Grupo Provincial Socialista sobre o desmantelamento industrial das comarcas de Ferrolterra, Eume e Ortegal**

#### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

Fai apenas uns días, o pasado 19 de xaneiro, a empresa Endesa anunciaba a súa decisión unilateral de peche definitivo da central térmica de As Pontes, escudándose nunha suposta inviabilidade do uso de biocombustibles que impide, ao seu xuízo, prolongar a vida da súa instalación no municipio, sen garantir postos de traballo alternativos aos traballadores da plantilla principal, empresas auxiliares e transportistas. Estes últimos, cuxos empregos atópanse no aire, suman ao redor de 170 persoas.

Con esta nova falla de compromiso amosada pola empresa, ten lugar o derradeiro fito no desmantelamento industrial nas comarcas de Eume, Ferrolterra e Ortegal, proceso de desmantelamento cuxo ritmo ven de acelerarse ao longo do pasado ano 2020.

Deste xeito, só uns días antes, o 11 de xaneiro, a empresa Siemens Gamesa, ubicada no concello de As Somozas, pechaba tamén a única planta de fabricación de palas eólicas en España, e que conta cun cuarto de século de antigüidade, e deixa no aire máis de 200 empregos. Trátase doutro peche del todo incomprensible, nun contexto particularmente favorable para o sector por todas as oportunidades que ofrece a transición enerxética, e do que non cabe outra explicación que unha mera operación de deslocalización da produción hacia Portugal, concretamente á planta de Senvion, onde a empresa ven de realizar un importante investimento para adquirir unha fábrica, precisamente co único obxectivo de abaratar salarios e custos de produción. Resultado desta forma de actuar é que Galicia queda sen fabricantes de aerogeneradores nun sector estratéxico nos próximos anos.

Este penoso proceso de desmantelamento afecta tamén á empresa Navantica Ferrol, que, a espera da posta en marcha do programa F-110 de fragatas de última xeración, se atopa, na actualidade nunha situación crítica, sen carga de traballo, pois o único pedido en curso terminará no mes de marzo, polo que a factoría xa recortou preto de dous mil postos.

Ante este panorama, Alcaldes, asociacións de empresarios e centrais sindicais das comarcas de Ferrolterra, Eume e Ortegal sumaron as súas forzas nunha xuntanza, reclamando a participación de todas as administracións na busca de solucións e alternativas para este problema industrial existente nestas zonas especialmente castigadas, e na que expresaron todas as súas demandas; demandas, ás que esta entidade provincial mostra todo o seu apoio a través da presente moción.

Polo exposto, O Grupo Provincial Socialista solicita ao Pleno da Corporación Provincial a adopción dos seguintes acordos:

1. Esixir á empresa Endesa que garanta postos de traballo alternativos aos traballadores da plantilla principal, empresas auxiliares e transportistas.
2. Instar á Xunta de Galicia e ao Goberno Central a tomar, de maneira urxente, todas as medidas e colaboración precisas tendentes á reconsideración do peche da planta de "Siemens Gamesa", situada no Concello de As Somozas, aproveitando todas as oportunidades que ofrecen os plans de Transición Enerxética da Unión Europea.
3. Instar á Xunta de Galicia e ao Goberno Central á realización dunha auditoría das axudas públicas das que se beneficiou Siemens Gamesa nos últimos anos (autonómicas, estatais e europeas), e se esixan todas as responsabilidades oportunas, de consumarse a anunciada decisión de peche.
4. Instar ao Ministerio de Defensa e a Navantia a construción dun buque-puente, para dar carga de traballo aos astilleiros de Ferrol.
5. Instar á Xunta de Galicia (Consellería de Economía, Empresa e Innovación) e ao Goberno Central (Ministerio de Industria, Comercio y Turismo y Ministerio para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico), para que se proceda á creación urxente dunha mesa de traballo para a reindustrialización, reactivación económica e a competitividade das tres comarcas afectadas, Ferrolterra, Eume e Ortegal.
6. Instar á Xunta de Galicia e ao Goberno Central a que as subastas sobre renovables que se poñan en marcha no futuro, se vinculen ao desenvolvemento ou mantemento de proxectos industriais localizados en Galicia.

7. Mostrar todo o apoio á folga xeral do 25 de febreiro, e ás mobilizacións promovidas polas centrais sindicais en defensa dos postos de traballo.

Sr. Regueira Fernández

Eu non vou ler a nosa, eu simplemente vou explicar a nosa posición.

Imos ver, se debatemos, efectivamente, non é o mesmo territorialmente o que se pide nunha moción que o que se pide na de Alberto, e logo indo xa a un debate máis fondo a min gustaríame recordar que en relación coa provincia hai territorios que non son nin A Coruña, e que non son tampouco Ferrolterra, que xa arrastran unha desindustrialización perenne e que, evidentemente, necesitarían dun plan de reactivación. Eu estou falando, por exemplo, dun que coñezo moi ben, Costa da Morte, que presenta datos demográficos e económicos que son propios do interior de Galicia. Polo tanto, aquí o debate pode ser moi amplo.

Nós cremos que no caso de Ferrolterra, ou iso é o que opina a miña forza política, xa houbo mesas, hai mesas de sobra. Ferrolterra leva con mesas de debate sobre reindustrialización anos e anos. Eu creo que é hora de impulso e iniciativa das administracións. Por iso no caso da moción do PSdeG-PSOE nós imos absternos, porque consideramos que o foco débese poñer xa no que teñen que facer as administracións públicas para reindustrializar, para propoñer un plan de reindustrialización da zona. En cambio, no caso da Marea Atlántica, da moción que se presenta, nós estamos a favor de que se abra unha mesa de negociación sobre a provincia porque, efectivamente, consideramos que é necesario o debate social, e é necesario que tamén a sociedade achegue e que propoña ás administracións medidas paliativas, pero xa digo, eu creo que o debate é diferente dunha moción a outra. Estamos falando dun debate provincial no caso da Marea Atlántica, e no tema de Ferrolterra estamos falando dun caso xa moi concreto, do que veñen falando as forzas políticas do territorio desde hai moito tempo, e onde o que se necesita agora é tomar realmente medidas. Polo tanto, nós cremos que hai dous debates diferentes.

Acabo de expresar tamén claramente o voto da miña forza política, que nun caso é abstención, e no outro caso é un voto favorable.

Sr. Fernández Piñeiro

Nós, compartindo un pouco o argumento, é dicir, como comentaba antes o presidente trátase a primeira delas dunha moción de ámbito provincial e as outras dúas circunscribíense a unha bisbarra en concreto e a problemática que afecta en concreto á comarca de Ferrolterra, ou as tres comarcas de Ferrolterra, Eume e Ortegal, que están a ter nos últimos tempos un grave problema a nivel industrial, que está a xerar ademais un nivel de desemprego que está por riba da media galega.

Da nosa moción vou ler simplemente os acordos, e despois continuo coa argumentación.

Nos acordos establécese esixir á empresa Endesa que garanta postos de traballo alternativos aos traballadores do cadro de persoal principal, empresas

auxiliares e transportistas, e a maiores imos engadir unha pequena addenda proposta na Xunta de voceiros polo Partido Popular, na que se estableza a solicitude ás distintas administracións que teñen competencias na materia para que se faga un esforzo para manter a actividade na planta de Endesa As Pontes. O segundo punto sería instar á Xunta de Galicia e ao Goberno Central a tomar, de maneira urxente, todas as medidas e colaboración precisas tendentes á reconsideración do peche da planta de "Siemens Gamesa", situada no Concello das Pontes, aproveitando todas as oportunidades que ofrecen os plans de Transición Enerxética da Unión Europea.

Terceiro punto, instar á Xunta de Galicia e ao Goberno Central á realización dunha auditoría das axudas públicas das que se beneficiou Siemens Gamesa nos últimos anos (autonómicas, estatais e europeas), e se esixan todas as responsabilidades oportunas, de consumarse a anunciada decisión de peche.

Instar ao Ministerio de Defensa e a Navantia a construción dun buque-ponte, para dar carga de traballo aos estaleiros de Ferrol.

Instar á Xunta de Galicia (Consellería de Economía, Empresa e Innovación) e ao Goberno Central (Ministerio de Industria, Comercio y Turismo e Ministerio para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico), para que se proceda á creación urxente dunha mesa de traballo para a reindustrialización, reactivación económica e a competitividade das tres comarcas afectadas, Ferrolterra, Eume e Ortegal.

Instar á Xunta de Galicia e ao Goberno Central a que as subastas sobre renovables que se poñan en marcha no futuro, se vinculen ao desenvolvemento ou mantemento de proxectos industriais localizados en Galicia.

E último punto, mostrar todo o apoio á folga xeral do 25 de febreiro, e ás mobilizacións promovidas polas centrais sindicais en defensa dos postos de traballo.

Ben, como dicía, ao longo dos últimos anos e dos últimos meses estamos a padecer nestas tres comarcas de Ferrolterra, Eume e Ortegal o que vén sendo un desmantelamento industrial pola falta de carga de traballo dunha parte dun dos sectores máis importantes e con máis peso da comarca, que é o sector naval, efectivamente hai un contrato moi importante por parte do Ministerio de Defensa para a construción dunha serie de fragatas no estaleiro ferrolán, pero en tanto eses contratos ou esa construción non dá comezo, sería importante, tal e como demandan os sindicatos e as patronais da industria auxiliar, un contrato, como acabamos de comentar dun buque ponte para poder ter carga de traballo nese impass, e non paralizala e, polo tanto, abocar ao desemprego a miles de persoas que están a traballar na industria auxiliar.

Ademais diso estamos a falar tamén da situación de Siemens Gamesa e da Central térmica das Pontes da que xa temos debatido longo e tendido, no caso de Siemens Gamesa, tal e como todos e todas sabemos, ademais houbo unha negativa por parte da empresa de modernizar esa planta para poder ser máis competitiva e para poder construír un modelo de pala que está a ser máis demandado que o actualmente construído nesa planta, houbo unha negativa total e rotunda por parte da empresa, polo tanto, non é unha cuestión de que non haxa carga de traballo nin de que Siemens Gamesa non poida ter potenciais clientes destes novos modelos de pala

que están a fabricarse, senón que non ten interese en que este se faga na planta das Somozas, e traslada a súa produción basicamente para unha planta que estaría montando en Portugal. Polo tanto, é moi importante que se faga un esforzo por parte das distintas administracións que teñen competencia na materia, primeiro para esixir a Siemens Gamesa a continuidade da actividade nesa planta e a súa adaptación para poder construír esas palas como estou a comentar.

Ademais diso, no tema da central térmica das Pontes penso que o temos falado en numerosas ocasións, hai que seguir facendo un esforzo para que continúe esa actividade, independentemente do anuncio feito por Endesa e a maiores solicitamos como comentaba que se garantan postos de traballo alternativos.

Pero por desgraza esta non é unha cuestión que se circunscribe só a estas empresas, ou a estes tres sectores que acabo de comentar. Ao longo dos últimos meses e anos estamos a ver como se desmantelan outras, Poligal entre elas que vimos de falar, etc., etc. E hai dúas administracións que teñen competencia nesta materia, hai unha que ten máis competencias neste caso, que é a Xunta de Galicia, porque a competencia en materia industrial, tal e como establece o Estatuto de Autonomía é autonómica, pero si que é certo que chega esa competencia ata aquelas industrias que non son como o caso da central térmica das Pontes, que é do sector enerxético, que esa si que ten unha competencia claramente o Estado, ademais que tamén ten competencia en materia reguladora do sistema enerxético deste país, e das electointensivas, desa lexislación e normativa da que levamos tanto tempo falando.

Por iso nesta moción se insta a esas dúas administracións, que son as competentes nesta materia que estamos a tratar, para que dunha vez por todas adopten medidas de calado cun plan estratéxico que saque adiante a industria desa comarca, porque senón ao longo dos vindeiros meses e anos desgrazadamente imos ter un problema gravísimo, xa non só a nivel económico e de desemprego, senón de despoboamento porque loxicamente a xente terá que marchar ata outros lugares en busca dun porvir mellor do que se lle ofrece na actualidade nestas tres bisbarras, como digo, a causa dese desmantelamento industrial, unhas bisbarras que historicamente tiveron un peso nese sector importantísimo a nivel galego e a nivel estatal e que vemos, estamos a ver como se están a desmantelar ao longo dos últimos anos por falta de políticas concretas de reindustrialización e reactivación económica, de aí a motivación desta moción.

Sobre a moción presentada pola Marea Atlántica, como comentaba o voceiro dese Grupo nós propoñiamos unha emenda que procedo a ler para coñecemento do resto dos Grupos, que sería o acordo seguinte: Propoñer ao foro económico e social presidido pola Deputación Provincial da Coruña e formado por representantes da patronal, sindicatos e universidades, que na reunión constitutiva acorde solicitar a creación dunha Mesa na que estean representados os gobernos autonómicos e estatal, para realizar unha análise da situación da industria na provincia da Coruña, así como a presentación dun plan de reactivación económica. Esta proposta foi trasladada ao voceiro do Grupo da Marea e aceptouna, e por tanto quedaría así emendada.

Sobre a moción do BNG, nós non temos ningún inconveniente en apoiala, entendemos que a moción que presentamos nós é máis completa froito das

conversas e da reunión que mantivemos os alcaldes da bisbarra, desas tres bisbarras que comentaba antes, cos distintos axentes sociais, tanto patronal como sindicatos, e que se acordou facer esa solicitude que está plasmada nesta moción ás dúas administracións, como dixeran antes, ao Goberno do Estado e ao Goberno autonómico da Xunta de Galicia, e de aí que non temos ningún inconveniente en apoiar a moción que presenta o BNG, porque entendemos que ademais o que abonda, acostuma dicirse, non dana, e polo tanto non temos ningún tipo de inconveniente como estou a comentar, ademais de que entendemos que o fondo das tres mocións, aínda que se ben unha delas é máis de ámbito provincial, perseguen o mesmo obxectivo, que é a reactivación económica, neste caso de tres bisbarras, ou noutro caso da provincia da Coruña. Polo tanto, nós apoiaremos favorablemente estas tres propostas.

#### Sr. García Seoane

Eu creo que as propostas son moi similares e un está canso, porque xa ten anos, de ver como se van afundindo todas esas empresas importantes que tiñamos en Galicia na etapa democrática, se foron eliminando case todas, e se lle está metendo a puntilla as últimas que van quedando.

Os que gobernan en Madrid, PP, PSOE, Podemos, os que gobernan en Galicia, Partido Popular, e tamén gobernou o PSOE co Bloque, ao longo dos anos o que vivimos, aquí oímos falar moito na Deputación e nos plenos dos concellos que se levan, onte mesmo acordabamos algunha destas mesmas mocións, pero isto non vale para nada, chove sobre mollado, e como se dixo no Parlamento no seu día, mexan por nós e din que chove, goberne quen goberne, pero Galicia é a esquecida. Non temos máis que ver os investimentos que neste ano hai, e en anos anteriores tamén, houbo para a nosa Galicia. Non pode haber industria cando non se crean infraestruturas, cando non se mellora o tren, cando non se melloran os viais, cando non se apoian ás empresas, cando non se baixa o tema eléctrico, para que estas empresas funcionen e dea resultados, pero isto depende de quen goberna, dependen dos que vos mandan a vós, algún dos que estades aí hoxe sentados, eu non estou en ningún Partido dos que estades gobernando na nación, e por tanto sodes os que tedes que resolver estas cousas, e non, a min paréceme ben tratalo hoxe, volvemos tratalo mañá, eu estou canso destas cousas, hai que saír á rúa, hai que saír á rúa todos e dicir un día, pechamos os concellos, pechamos as deputacións, falámolo cos sindicatos, cos obreiros, e saímos todos as rúas en cada concello importante da nosa Galicia.

Polo tanto, mentres iso non se faga non nos van oír, e todo son faladurías. Aquí, manifestación, poñerse na pancarta primeira para sacar a foto, e se te vin non me acordo. Polo tanto, tanta demagogia a min a veces dáme noxo, noxo porque non hai nada, non se fai nada, simplemente palabras, palabras e palabras. Polo tanto, eu son dos que digo que hai que saír á rúa para parar dunha vez por todas esta situación que está sufrindo a nosa Galicia, e se non se fai, deixemos de tomar acordos. Eu vou votar todo o que poñades, pero paréceme que esta non é solución ningunha. Nada máis.

#### Sra. Aneiros Barros

Moitas grazas, Sr. Presidente e bos días a todos.

En relación con estas cuestións, si facer unha mención, simplemente pola diferenza un pouco no ámbito territorial entre a moción da Marea e o resto. Efectivamente, a problemática de fondo é a mesma, cun ámbito territorial un pouco máis extenso no caso da Marea, porque afecta á provincia, pero non é menos certo que dentro desa moción ten un protagonismo especial a problemática que estamos a vivir na comarca de Ferrolterra e na que me gustaría centrarme tamén, tendo en conta as outras mocións que foron presentadas polo PSOE e o BNG.

E a verdade gustárame empezar dando as grazas ao Grupo provincial do PSOE por aceptar a emenda que expuxemos e disto isto tamén me gustaría doutra banda lamentar que, do mesmo xeito que ocorre noutras cuestións e noutras mocións que se presentaron neste tempo, lamento que non se puido chegar a un acordo, a unha declaración institucional. É unha problemática suficientemente importante que creo que requiriría dese consenso que esixe un tema como este, tendo en conta o que iso supón, e por iso lamentamos esa falta de declaración institucional que hei de dicir que non foi por falta de vontade e de disposición deste Grupo provincial, todo o contrario, e boa proba diso é que, salvo unha cuestión que comentarei posteriormente, imos votar a favor das mocións, das emendas, nós como Grupo imos apoiar todas esas mocións e emendas presentadas, por iso lamentamos que non se reconvertera nunha declaración institucional, e máis tendo en conta que á fin e ao cabo son os outros tres Grupos, o Partido Socialista, o BNG e a Marea os que non chegaron a ese entendemento, son eles os que curiosamente gobernan en concellos conxuntamente, son os que gobernan nesta Deputación tamén conxuntamente e mesmo no Goberno de Madrid, e é curioso que eses mesmos que gobernan xuntos sexan incapaces de chegar a un acordo nun tema fundamental como este e que desde logo nós insistimos, estamos abertos a ese consenso porque se algo é importante nestes temas é esa unidade de acción que moitas veces dicimos, pero que é nestes momentos cando hai que demostralo.

Sen prexuízo de que as imos apoiar, tamén teño que dicir que algunhas das exposicións expostas nelas non a compartimos, concretamente na da Marea hai moitas cuestións que non podemos subscribir pero, en calquera caso, o acordo si o imos apoiar.

Centrando un pouco o tema no que é a comarca de Ferrolterra gustárame poñer de relevo a situación preocupante, moi preocupante, que estamos a vivir nesta comarca. Onte coñeciamos os datos da EPA e, como era de esperar, non son nada tranquilizadores na comarca. Ferrol ten a taxa de paro máis alta de toda Galicia, cun 18,4% e a taxa de actividade e de emprego tamén máis baixa de toda Galicia.

Á crise global que estamos a vivir como consecuencia da pandemia que arrasa o mundo, e que destrúe tamén empregos, como podemos ver, pois temos que sumar esa crise permanente e que se viu especialmente acrecentada nos últimos tempos na comarca de Ferrol. Unha crise industrial que nos permitiría falar xa dun desmantelamento da industria da comarca, problema de Siemens Gamesa, o peche da central térmica das Pontes, mesmo podemos incluír tamén a situación de Alcoa, que termina tendo efectos no porto de Ferrol, e a falta de carga de traballo do sector estratéxico da comarca, que é o naval.

O que tamén me gustaría mencionar, porque nunha das mocións cítase, e creo que é un tema tamén moi importante, porque viven máis de cincocentas familias da ría de Ferrol deste sector que é a ría, a rexeneración necesaria da ría de Ferrol. Desde logo unha situación global, teño que dicir que maioritariamente ten que ver con decisións estatais adoptadas, ou mesmo non adoptadas nos últimos tempos por parte do Goberno actual, do Goberno socialista de Madrid, e decisións que levaron en moitos casos ao abismo, ao bordo do abismo a empresas da nosa comarca e xeraron destrución de emprego.

Canto á situación de Siemens Gamesa apoiar, por suposto, a eses máis de douscentos traballadores afectados por ese ERE presentado, e nunha actividade curiosamente tan relevante nun momento como o que estamos a atravesar no que podemos dicir que están en auxe precisamente as industrias da enerxía renovable.

Non podemos tampouco deixar de dicir que estamos ante un caso, efectivamente, de deslocalización da empresa, que quere cerrar e centralizar a produción fóra, en Portugal, para reducir os seus custos, e non é que a empresa se vaia de Galicia, non é un problema de Galicia, é que a empresa se vai de España co peche xunto coa planta das Somozas tamén en Cuenca. E neste punto gustárame lembrar que a autoridade laboral competente para a tramitación precisamente dese expediente de regulación de emprego é o Ministerio de Traballo polo seu ámbito nacional e, por tanto, creo que agora mesmo está no tellado tamén do Goberno de Madrid a pelota, e dígoo porque é ese Ministerio o que ten que confirmar se efectivamente concorren esas causas organizativas de produción, esas causas que alega a empresa para xustificar a tramitación dese ERE, confirmar, porque desde logo parece que hai dúbidas de se existe mala fe por parte da empresa e se concorren os requisitos necesarios, e de non ser o caso o que procede é que o propio Ministerio o que teña que facer será tombar ese expediente e, por suposto, paralizar ese período de consultas no que actualmente se atopen.

Por tanto, apelo tamén á capacidade do Ministerio para exercer estas cuestións que, insisto, dependen do Goberno do Estado.

Canto a Endesa, como xa dicía o Sr. Fernández, xa falamos por extenso desgraciadamente neste Pleno dese peche da central térmica. Sigo dicindo e pensando que as présas do Goberno central por ser os primeiros en materia de política de transición ecolóxica levoulles a ter demasiada présa e non xestionar correctamente estas cuestións e que non xestionaron ben a formulación dun proceso de transición xusto e ordenado. que sería o que sería necesario para evitar estas cuestións.

Manifestar, desde logo, como xa o fixemos, o rexeitamento profundo á decisión que anunciou estes días atrás a empresa de peche, seguimos crendo no futuro de Endesa, na necesidade de manter operativa a planta a través de biocombustibles, e non renunciamos a que siga funcionando, e a Xunta, por suposto, está a colaborar na procura dese futuro industrial.

En calquera caso, o Goberno do Estado tamén tería que ter unha folla de ruta clara, definida, e unha planificación para afrontar esta transición enerxética con garantías e que non supoña nin o peche de industria, nin a destrución de empregos,

competencia tamén do Goberno do Estado. E neste punto gustaríame expor, simplemente solicitar, porque temos dúbidas de legalidade dun dos puntos da moción do Partido Socialista, en concreto do punto 6, que fai referencia ás poxas de renovables, e para buscar o voto conxunto da moción e favorable, por suposto, solicitaríamos, ou ben a retirada do punto, porque creo que non afecta directamente o espírito do que estamos a dicir, e asumiríamos completamente o resto da moción, ou no seu caso a votación por puntos.

E canto á situación de Navantia, é unha situación dramática a que estamos a vivir, escaseza de pedidos, que nos vai levar a que o ano que vén, a mediados do ano que vén, estean as bancadas dos estaleiros de Ferrol baleiras. Case 2.000 postos de traballo destruídos nos últimos meses, 2.000 familias que foron á rúa co drama que iso supón. Existe un proxecto, ese estaleiro 4.0, cuxa implantación debería de estar en marcha, e que foi atrasado, paralizado, teño que dicilo, por parte do Goberno actual socialista, un proxecto que está vinculado a esas necesarias fragatas, esas F110, que eran a gran esperanza para os nosos estaleiros, e que no mellor dos casos non se vai iniciar a súa construción, o corte de chapa, como dicimos en Ferrol, ata mediados de 2022, demasiado tempo. E como é demasiado tempo e xa estamos a vivir unha sangría de postos, de destrución de postos de traballo, é polo que é necesario, como se dixo tamén nesta sesión, é necesaria a construción dese buque ponte, dese AOR, dese BANK, que permita dotar de carga de traballo inmediata os estaleiros ata o momento en que se inicie a construción das fragatas, e esta é unha decisión que só depende do Goberno de Madrid, só depende dunha decisión dun Goberno, neste caso socialista, que ten que tomar a decisión, agrádanos que aquí o Partido Socialista o diga, o pida, pero do que se trata é de que en Madrid os escoiten e fagan valer esta proposta. O certo é que nos orzamentos xerais do Estado recentemente aprobados non hai unha partida expresa para a construción deste buque, que daría tranquilidade aos estaleiros da ría ata o inicio da construción desas fragatas.

Por todo o dito, creo que sobran os motivos para compartir a necesidade desa folga, tal e como tamén se recolle nas mocións que expuxemos.

Para terminar dicir que é evidente que estamos preocupados, moi preocupados pola situación, que empeora día a día e que son urxentes esas solucións para poñer fin a esta destrución de emprego, unhas solucións que irremediabilmente pasan pola toma de decisións por parte do Goberno de Madrid, coa colaboración da Xunta, que é o que está a facer ata este momento, e por iso, dirixíndome aos deputados socialistas, gustaríame lembrarlles que son vostedes os que gobernan en Madrid, que está ben que presenten estas iniciativas pero, como dicía antes, hai que facer algo máis, que xa non é suficiente con dicilo, con dicilo aquí, o que fai falta é que os dirixentes do seu Partido en Madrid o escoiten e o fagan valer. Está moito en xogo, están en xogo moitas familias e a supervivencia dunha comarca que, curiosamente, cada vez que goberna o Partido Socialista sofre os peores castigos industriais, así que esperemos que cambie a historia, que non se volva repetir esa historia e que permitan que Ferrolterra poña fin a este período de desmantelamento industrial permanente. É parte da súa responsabilidade e, por tanto, tamén está nas súas mans a solución a todas estas cuestións. Pola miña banda nada máis, moitas grazas.

Sr. Fernández Piñeiro

A verdade é que está moi ben falar de espírito de concordia e que se lamente de non poder chegar a unha declaración institucional, para despois ser bastante deshonestos na exposición de motivos, e quero explicar o que quero dicir. É curioso escoitar á portavoz do Partido Popular dicir que todo é culpa do Goberno do Estado, e que isto depende das decisións que tome o Goberno do Estado en Madrid, do PSOE, loxicamente, e que a Xunta en tal caso, acompañará.

Sra. Aneiros, non é verdade o que está dicindo vostede, está mentindo directamente. As competencias en materia industrial son da Xunta de Galicia, é a Xunta de Galicia quen ten a competencia, a excepción daquelas empresas enerxéticas, para favorecer a implantación de industria no país, para favorecer, digamos, escenarios nos que haxa investimento e xeración de emprego en materia industrial, iso dío o Estatuto de Autonomía, non o digo eu, se quere léolle despois o artigo concreto onde o pon. O que non pode ser é que a culpa sempre sexa dos demais, e cando os que estamos aquí sentados do Partido Socialista, dando exemplo, reclamamos ao Goberno da nosa administración, xa dixen na miña intervención cal eran as competencias e ata onde podían chegar e que é o que reclamamos, pero a Xunta de Galicia tamén ten as súas, e que utilice vostede ese argumento de como se van de Galicia, se van de España e, polo tanto, a culpa é do Goberno do Estado, sinceramente é bastante ridículo. Porque se en vez de ir para Portugal, por exemplo, Vestas que se foi para China, eu direi que como se vai para China, a culpa non é nin sequera do Goberno do Estado, é da Unión Europea, porque China está noutro continente. É bastante absurdo ese argumento.

Poligal, o Goberno do Estado non ten ningunha competencia na materia que traballa Poligal, nin na de Siemens Gamesa, é unha competencia autonómica, da planta de Siemens Gamesa en Galicia e da planta de Siemens Gamesa noutro sitio. Iso non quere dicir que nós non instemos tamén ao Estado a presionar a esas empresas, pero ollo, a competencia é compartida, o que non pode ser é que se culpe sempre a un concreto nada máis de ser o responsable do desmantelamento industrial dunha provincia, dunha comarca ou de Galicia, cando as competencias son compartidas. Polo tanto, se somos honestos, Sra. Aneiros, o que debemos dicir, é que en tal caso, todos os que gobernan e gobernaron as administracións, tanto estatal, como autonómica, son responsables desta situación, porque o Partido Popular leva gobernando a Xunta de Galicia 33 dos 39 anos que ten a Xunta de Galicia, cunha competencia autonómica en materia industrial para a propia Xunta, polo tanto, algo terá que ver. Porque o que non é normal é que cando se xera industria é grazas á Xunta de Galicia e cando se destrúe é culpa do Estado, porque iso non llo compra ningún.

E todos podemos poñer exemplos, eu aínda recordo aqueles vinte buques que ía construír PEMEX, e sabemos onde remataron os buques, a verdade non chegaron nin sequera a empezar, sabemos onde remataron os directivos de PEMEX, que foi no cárcere, todos, por estafa, por falsidade documental, etc., etc.

Polo tanto, aquí cadaquén ten unha parte de responsabilidade, que eu non lle nego ao meu Partido, pero tampouco lla nego á Xunta de Galicia como fai vostede. Entón, se buscamos a concordia esa intervención na que se acusa só a unha das

administracións, e en concreto a un Partido, porque ollo, fala vostede que cando goberna o Partido Socialista hai un desmantelamento industrial da comarca, home, a carga de traballo que deixou o Partido Popular para Navantia era dez veces inferior ao contrato que aprobou o Goberno do Estado que, efectivamente, vai empezar no ano 2022, se todo vai ben, e oxalá sexa así, pero vai empezar, e son 5.000 millóns de euros, Sra. Aneiros. O Sr. Rajoy que gobernou uns cantos anos tamén no Estado e, polo tanto, puido contratar eses barcos, tiña un contrato, creo recordar, de 400 ou 500 millóns. Entón coincidirá vostede comigo en que tamén hai certa responsabilidade do Goberno do Estado do Partido Popular cando estivo ao fronte del, en que non houbera unha gran carga de traballo para o sector, e eu non lle nego todo o que di vostede ao Goberno central e incluso algunhas cousas que di ao Partido Socialista, pero coincidirá vostede comigo que o Partido Popular tamén gobernou o Estado, e a carga de traballo era a que era, e todos o coñecemos nesta comarca, non nos imos enganar. Porque levamos, como dicía antes Gelo, aquí nesta bisbarra levamos moitos anos manifestándonos, non un, nin dous, nin cinco, nin dez, desgrazadamente, levamos moitísimos anos nesta situación.

Entón, imos ser un pouco serios, imos ver se somos capaces de deixar a un lado a cor política, porque nunha cuestión coma esta queda moi bonito dicilo, pero se xustamente cando digo iso e a continuación empezo a darlle paus a un só para escusar a responsabilidade co meu Partido, non eu, que non digo que a teña vostede, pero que o seu Partido tamén as ten, en maior ou menor porcentaxe, xa non vou entrar nesa discusión, pero tamén a ten, se somos honestos deberíamos de recoñecelo, pois imos cumprir aquilo que dixemos que é importante que isto fora por unanimidade e que deixemos as cores políticas de lado. E non fagamos política con iso acusando aos parados e metendo polo medio ás familias que pasan unha mala situación, e cargándolle ese moucho a un Partido en concreto porque todos e todas bailamos neste baile, Sra. Aneiros, algúns cun máis guapo, ou cun menos guapo, ou outro menos guapo, pero todos estivemos nesta festa, e seguramente se empezamos a deixar ao lado esta cuestión que estou a comentar e a centrarnos no verdadeiramente importante, nos irá moito mellor como bisbarra, nós esixindo dentro do noso Partido a quen temos que esixir, e vostedes esixindo dentro do seu a quen teñen que esixir. Nin uns son tan malos, nin os outros son tan bos, nin uns son os responsables de todas as maldades e as penalidades e as penurias que estamos a pasar, nin son os outros. Así que cada pau que aguante a súa vela e imos intentar tirar todos para adiante que é o importante e o espírito que se persegue con estas mocións, entendo, que se están a presentar.

Sobre o punto que comenta vostede, que é o punto, creo recordar, número seis, no desenvolvemento e o mantemento dos postos industriais localizados en base a subastas de renovables, non, non imos retirar ese punto. Entendemos que é perfectamente factible, que non vai en contra da lexislación vixente, e polo tanto, imos mantelo. Nada máis e moitas grazas.

Sr. Lema Suárez

Grazas, presidente. Eu creo que a todos nos gustaría ter falado un pouco menos neste punto, sobre todo se se busca unha posición que máis que de Partido fose de zona, unha posición territorial, unha posición de provincia neste caso, eu creo que lamento que ao final, efectivamente, as exposicións de motivos, ou a liorta

partidista dea lugar a que non quede outro remedio que puntualizar certas cuestións que se dixeron.

A primeira delas é que todos temos a mesma responsabilidade non é exactamente certo, eu creo que aquí si houbo un acordo na política económica xeral do Estado, cos dous Partidos que basicamente gobernaron ao longo dos últimos corenta anos, que tiña que ver coa non viabilidade, ou non compartir un modelo económico cun peso importante, unha das industrias públicas, e outra dos mercados regulados. Estes procesos, procesos de privatización e de desregulación da economía española, basicamente foron compartidos polo Partido Popular e o Partido Socialista, eu creo que isto tampouco é algo que deba de resultar escandaloso. Desde logo a posición política na que nos situamos nós está lonxe de pensar que un mercado desregulado e completamente privatizado é viable nun país da periferia, como é o caso español, e de feito eu creo que chama moito a atención que no peche de Endesa quen executa ese peche é unha empresa pública italiana, ENEL. Desde logo os países centrais da Unión Europea, Holanda, Francia, Alemaña, todos eles dispoñen de empresas enerxéticas estatais, que non venderon ao longo destes anos desde que estamos incorporados á Unión Europea. Polo tanto ese dogma, dogma non, eu non diría que é un dogma, diría que esa explicación de que foi a Unión Europea a que impuxo o peche das industrias públicas españolas e a desregulación dos mercados enerxéticos é completamente falsa, non é certa.

Entón eu creo que aquí houbo certas decisións que se tomaron, non vou entrar noutros detalles que poden ser tal vez incluso máis penosos sobre quen acaba sentando nas mesas de que consellos de administración, de que empresas enerxéticas e a cambio de que, porque eu creo que aí entón xa chegamos a unha auténtica festa da escuma, eu creo que basicamente non se trata diso, eu creo que presentamos as mocións coa vontade de que se aproben e por responsabilidade, non para mirar cara atrás, senón para mirar para adiante, pero aquí, efectivamente, hai para todos, pero non para todos os que estamos aquí sentados hoxe, senón para os que tiveron responsabilidade no que está acontecendo.

E mirando para adiante, e para rematar, e non falarei máis, eu creo que a nós, a moitos de nós preocúpanos tamén o que está pasando agora co reparto dos fondos europeos de reactivación, preocúpanos unha, o reparto a nivel estatal, pensamos que Galicia unha vez máis non ten o protagonismo que debera ter, non pensamos que estea habendo, xa sei que me estou saltando de moción, que tería que ser outra moción, falaremos máis adiante diso, ao mellor, non pensamos que estea habendo unha perspectiva de cohesión do territorio, ao contrario, imos beneficiar unha vez máis a aquelas comunidades que xa teñen unha mellor situación económica e no caso do modelo que está a seguir a Xunta de Galicia para o reparto de fondos tampouco estamos en absoluto de acordo co modelo que está seguindo.

Este é outro debate, que está ligado co anterior, que ten que ver coa perspectiva de futuro, terá que ser o contido doutra moción máis adiante, pero digo, insisto, que hai unha forte comunión, en canto ao modelo económico que estes días vemos que en Galicia está en absoluta crise.

Nada máis, eu non pretendía polemizar, pretendo que se apoie a moción, por responsabilidade dos que estamos esta vez e os poucos que estean escoitándonos e

que esperan un xesto de nós en sentido construtivo. Nada máis e moitas grazas.

Sr. Regueira Varela

Moi brevemente. Primeiro, mira que non hai e que non houbo iniciativas neste salón de Plenos que non saíron como declaración institucional polo desacordo do Partido Popular, podémolas repasar a ver cantas hai, sen facer ningún tipo de reproche, porque supoño, e todas importantes, porque supoño que cada alternativa política ten dereito a defender a súa posición, partindo de aí. Pero chámame moito a atención o punto de vista da economía da Sra. Aneiros, que parece que observa a realidade desde Marte, como se non houbera unha Consellería de Industria, e como se non houbera unha administración autonómica que tamén ten que tomar medidas en relación coa reactivación industrial do territorio, simplemente isto. A min o que me dá que pensar o debate que acaba de producirse é que tiñamos razón dende o Bloque Nacionalista Galego ao dicir que ao mellor sobran as mesas, porque se vostedes están de acordo e se a Sra. Aneiros nos reprocha que nós non esteamos de acordo cunha declaración institucional, é curioso que se produza este debate entre dúas forzas políticas, cando menos o PSOE ten claro que ten un rol político que cumprir de aquí en adiante, e que hai responsabilidades que ten que tomar, pero permítame dicirlle que a Xunta tamén o ten que tomar, e ten responsabilidades nesta cuestión.

Polo tanto, menos mal que vostedes son os que están de acordo, e nós os que non quixemos asinar unha declaración institucional, eu creo que o que hai que facer aquí é poñerse a traballar, e creo que con urxencia, e chegar a acordos, que diso se trata, se imos ir a mesas a facernos reproches, como nos estamos facendo no Pleno, ten razón o Sr. García Seoane, que ao mellor sobran as mesas e fan falta outro tipo de medidas.

Eu creo firmemente na política, e creo que a política está para chegar a acordos, eu creo que cando estamos falando, e vostede di, fala vostede tamén da gravidade económica do territorio, eu creo que esa gravidade obríganos a tomar acordos e a ter altura de miras e a que a política xogue un papel de chegar a alianzas e a acordos, pero o que acaban de expoñer vostedes aquí, a pesar desa boa intención, ou esa ansia de declaración unánime institucional, evidentemente evidénciase que as mesas están destinadas ao fracaso se non hai unha mínima complicidade para asumir os papeis que temos que xogar cada un nesta situación, nas solucións que se poidan dar. Nada máis.

Sra. Aneiros Barros

O tema da declaración institucional non é máis que unha manifestación de boa vontade de todos de ir unidos nun tema que é relevante. Eu non vou polemizar respecto diso, porque creo que non ten ningún tipo de sentido, mellor é que se faga unha declaración unánime de todos os Grupos desta Deputación que saian varias mocións, é a miña opinión, e nós así o manifestamos.

Acúsanme do tema da Xunta, agora o mencionarei. Claro que a Xunta ten competencias en materia industrial e non vou evadir esa cuestión. Eu, Sr. Fernández, non necesito nin dicir que os seus argumentos son ridículos, que di cousas ridículas, nin que di cousas absurdas, non o necesito, non me fai falta porque teño argumentos

para rebater todo o que vostede me di, sen ter que caer nese tipo de cualificativos.

Claro que a Xunta ten competencias en materia industrial, a Xunta leva sentada cos Comités de Empresa de Siemens Gamesa desde hai un ano, traballando de xeito conxunto con eles. Mire se traballa de xeito conxunto con eles que precisamente nesa intención de poder mellorar a planta e poder producir esas pas máis grandes, á Xunta solicitóuselle colaboración para cuestións como, por exemplo, modificar o trazado da estrada que vai desde a planta das Somozas ao Porto de Ferrol, porque polo tamaño desas pas facíase difícil o traslado, e xa está en fase de expropiación, coa intención de que ao longo deste ano se poidan executar esas obras. Por exemplo, unha cuestión exposta, insisto, polo Comité de Empresa de Siemens Gamesa. Ou cuestións como o ofrecemento que lle fixo para que a Xunta poida poñer recursos e modernizar esa planta, que poida ampliar o tamaño desa planta e permitir a construción, a produción de pas máis grandes, recursos que ofreceu a Xunta de Galicia. Esa é a competencia que a Xunta ten en materia industrial, e que está a cumprir.

Creo que todos sabemos cal é a colaboración que está a prestar a Xunta no tema de Endesa, creo que todos sabemos que levan sentados tamén nesa mesa desde hai tempo, creo que están a traballar conxuntamente co Goberno do Estado para poder demostrarlle á empresa que a central ten unha viabilidade, traballando con biocombustibles, e creo que todos o sabemos, que a Xunta está a promover a procura dese futuro industrial da Central térmica das Pontes, por tanto tamén está a facer fronte a esa competencia en materia industrial que creo que ten, e vai seguir colaborando e vai seguir esixindo que a planta, que a central térmica das Pontes non peche, como o estamos esixindo desde hai tempo, porque si algo, en algo fomos coherentes é en nunca tolerar o peche desa central térmica. Pero non é menos certo que o tema da central térmica das Pontes ten moito que ver coa política enerxética do Goberno, que é competencia do Goberno do Estado en Madrid, que cando chegou o Goberno do Sr. Sánchez nomeou a unha ministra que desde o principio manifestou o seu interese polo peche das centrais térmicas, que acometeu medidas, como o tema do céntimo verde, beneficiando a outras enerxías e prexudicando ao carbón, cuestións que prexudicaron de forma relevante, ou que colaboraron no peche da central térmica das Pontes.

Por tanto, a Xunta está por unha banda, creo que está a cumprir, e despois son as decisións que, doutra banda, corresponden ao Ministerio.

E mire, claro, é que me fala de que fai falta, de que...., acúsame de que, por unha banda concordia, e doutra banda critico. Mire, é que a concordia querémola, pero non nos pida que esteamos calados, concordia si, pero a realidade dos feitos tamén, non quita unha cousa a outra.

Mire, fala de Navantia, Navantia desde 2018 nos últimos orzamentos aprobados polo Goberno do Sr. Rajoy, neses orzamentos do 2018, prorrogados sabe que varios anos, ía unha partida de 250 millóns de euros para iniciar o proxecto do estaleiro 4.0, e por tanto para a construción das fragatas. Sabe canto se gastou en 2018?, sabe que aos poucos días de aprobarse os orzamentos do Sr. Rajoy promoveuse a moción de censura e chegou o Sr. Sánchez, pois en 2018, ano xa completado despois, por tanto, polo Goberno socialista, sabe canto se gastou deses

250 millóns de euros consignados para o estaleiro 4.0?, 0 euros. Orzamentos prorrogados no 2019, sabe canto se gastou desa partida no ano 2019?, 0 euros, e no 2020?, téñollo que volver lembrar?, 0 euros. Iso é o que fixo o Goberno socialista en materia do sector naval para os estaleiros da ría de Ferrol. Pero dígolle máis, a posta en marcha deste proxecto das fragatas estaba pendente da firma dunha orde de execución, que podían asinar vostedes despois de que xa había diñeiro deixado polo Sr. Rajoy, como ben lles gusta lembrar, podían telo asinado ao día seguinte da moción de censura. Sabe canto tardaron en asinar esa orde de execución?, un ano e medio, e sabe a cando esperaron para asinar esa orde de execución?, a unha campaña electoral, con bombo e prato anunciaron a firma da orde de execución, un ano e medio de atraso, e así estamos nos estaleiros da ría de Ferrol, esperando e sufrindo os atrasos deste Goberno socialista, que depende do Partido Socialista.

Pero dígolle máis, vostedes veñen aquí a dicir que, efectivamente, fai falta un buque ponte, un AOR, un Bank, o que vostedes queiran, un buque ponte que dea traballo, carga de traballo aos estaleiros ata o inicio de construción das fragatas. Pero é que a semana pasada, o seu Partido, os deputados do Partido Socialista no Parlamento de Galicia non foron capaces de votar a favor desa mesma proposta. Entón, o que non pode ser é que o Partido Socialista vote aquí na comarca, ou na provincia que si, en Santiago se absteñan e en Madrid voten que non, así non vale, porque así non avanzamos.

E unha última puntualización en materia do sector naval, cando pediamos este Bank para Ferrol, para os estaleiros da ría de Ferrol, sabe que nos dicía o Partido Socialista, o Goberno Socialista?, que non facía falta un Bank para a Armada, que a Armada non necesitaba un buque, e sabe que ocorreu?, que nos últimos presupostos recentemente aprobados, nos orzamentos do Partido Socialista vai unha partida para a construción dun Bank que non facía falta, pero que agora parece que si fai falta, pero por certo, para os estaleiros do sur, o Bank que non facía falta nos estaleiros da ría de Ferrol, si que fai falta nos estaleiros de Cádiz. Ese é o peso que ten Ferrol no Goberno de Madrid, un peso que desde logo era moito maior cando presidía Navantia unha persoa de aquí, de Ferrol, concretamente de Mugardos, e que vostedes cesaron, por exemplo.

En definitiva, o tema do naval non me dirá que será culpa da Xunta de Galicia, porque no tema do naval a decisión de dar carga de traballo aos estaleiros da ría depende de asinar, poñer 167 millóns de euros para a construción dese buque, e esa é unha decisión que depende do Goberno de Madrid, e que esperemos, porque aí ímoslo apoiar como os levamos apoiando desde hai moito tempo, que consigan convencer aos dirixentes de Madrid, que son do Partido Socialista, e si quere tamén aos de Unidas Podemos onde está a ministra Yolanda Díaz, casualmente tamén ministra de Traballo, casualmente tamén de Ferrol e que, ben, tamén debería de facer causa común co que antes tamén defendía cando non era ministra.

Por tanto, competencias da Xunta si, queremos ir todos xuntos e queremos o mesmo?, si, pero os que gobernan en Madrid son os do Partido Socialista e soamente esperamos que convenzan aos seus dirixentes para que en Ferrol se siga deixando de destruír emprego e como mínimo o tema do naval é unha simple decisión política, nin máis nin menos.

Así que esperemos que isto sirva de algo, Sr. Fernández, e desde logo tamén lle digo que calados non imos estar, imos ir xuntos, imos reclamar o mesmo, pero non nos pida que esteamos mudos. Nada máis, moitas grazas.

Sr. Fernández Piñeiro

A verdade é que eu non pido que estean vostedes mudos, o que lle pido é que sexa honesta, que diga vostede a verdade, non digo que diga o que quero dicir eu, nin que non diga nada, digo que diga vostede a verdade.

Vostede fala do naval, do peso que tiña Ferrolterra co goberno Rajoy, eu son alcalde de Pontedeume, e lémbrome na época do Goberno de Rajoy o peso de Ferrol cidade e do naval, e non era maior do que temos hoxe, non había máis carga de traballo, Sra. Aneiros.

Fala vostede do esforzo que fixo a Xunta no caso de Siemens Gamesa modificando unha estrada, vale, un exemplo. Entón eu voulle preguntar a vostede que fixo a Xunta, e onde estaba a Xunta cos traballadores de Poligal, que fixo a Xunta cos traballadores de VESTAS, onde estaba a Xunta cos traballadores de Isowat, onde estaba a Xunta cos traballadores de Vulcano, onde estaba a Xunta cos traballadores de Noa Madera, onde estaba a Xunta cos traballadores de Galicia Textil, onde estaba a Xunta no caso de Pizarras Campo, onde estaba a Xunta no caso de Cemes, onde estaba a Xunta no caso de La Naval, onde estaba a Xunta no caso de T-Solar. Todas estas, Sra. Aneiros, son empresas, industrias galegas que pecharon, e podo seguir, podo seguir porque teño unha lista de máis de cincuenta, e estou falando de empresas que teñen máis de corenta empregados, xa non falemos das máis pequenas, máis de cincuenta empregados, e teño unha lista longuíssima de empresas que pecharon en Galicia. E esa competencia non depende do Estado, porque non son empresas electointensivas estas das que acabo de falar, nin empresas enerxéticas, son industrias, Sra. Aneiros. O peso industrial de Galicia descendeu, e non o digo eu, dío a Unión Europea, que perde peso, e está no posto cento noventa e pico, creo recordar agora, dos douscentos e pico que suspenden en Europa, rexións. Fíxose un estudo por parte da Unión Europea na época na que gobernaba ademais a Unión Europea o Partido Popular europeo, non será sospeitoso de mentir.

Pero falando de honestidade, voulle dar outro dato máis, porque claro, un fala, e mire, isto que teño aquí, e vou ensinar para que o vexan ben na cámara, o ven ben, está sacado da páxina web de Moncloa, é do 13.09.2012, gobernando o Sr. Mariano Rajoy: "Energía. El texto que será remitido a las Cortes incluye un puesto homogéneo del 6% para los ingresos por generación eléctrica. También incluye impuestos sobre la producción y almacenamiento de residuos nucleares, un canon a la generación hidroeléctrica, así como un céntimo verde gas natural para el consumo de generación eléctrica, así como al carbón, fuel-oil, gasóleo y la generación energética". Pois mire, iso quere dicir que o céntimo verde aprobouno o Sr. Rajoy cando gobernaba no ano 2012, porque isto que acabo de sacar da páxina web da Moncloa ten data do 13.09.2012, Sra. Aneiros, e aí non gobernaba o PSOE. Por iso é vostede pouco honesta nas súas afirmacións porque minte, terxiversa os datos e oculta outros, e só achega vostede os datos nos que se critica ás administracións que gobernan partidos que non son o seu. Téñoos escoitado neste Pleno incluso responsabilizar a todo aquel que pasaba por diante, menos asumir a súa, e a diferenza entre vostede e eu, e por

iso digo que é deshonesto a súa intervención, non vostede a título persoal, faltaría máis, xamais diría tal cousa, é que eu asumo, como ben dicía antes, e o recoñecía o vicepresidente, que non é do meu Partido, que é doutro, eu asumo a responsabilidade que poida ter o meu Partido, loxicamente, tena, porque gobernou, e cando un goberna ten responsabilidades, para o bo e para o malo. A diferenza entre vostede e eu é que vostede non o fai, vostede non recoñece que a Xunta pois en materia industrial non o estivo a facer ben, e non o estivo a facer ben porque os datos son os que son, e nos últimos vinte anos Galicia perdeu peso industrial, e a falta de solo industrial que están a demandar moitísimas empresas en Galicia e no sur de Galicia, que están marchando a Portugal por falta de solo industrial, non será responsabilidade só do Goberno do Estado, direi eu que a Xunta de Galicia tamén terá algún tipo de responsabilidade aí, Sra. Aneiros.

Por iso non é honesta, e por iso a min dáme igual o que vostede diga, se a min non me vai convencer, o problema que ten vostede é de credibilidade fronte a quen nos están vendo e que nos están escoitando, porque xa lle digo que non vai enganar a ninguén.

Non hai xestión que sexa perfecta, porque non hai persoa perfecta, Sra. Aneiros, polo tanto, a Xunta de Galicia tamén ten cuestións imperfectas na súa xestión. E en materia industrial terá acertos, loxicamente, non serei eu quen diga que todo o fan mal, pero tamén ten moitos erros, e que hai unha falta de política industrial non o digo eu, porque nesta Deputación que nos reunimos con moitos sectores da industria, o recoñecen tamén. Entón, dificilmente podemos atopar unha solución a un problema cando non recoñecemos a existencia do problema, igual de aí radica a situación que estamos a vivir, en parte.

E despois empezou vostede dicindo, e gustoume o que dixo, a declaración institucional era un exemplo de boa vontade para ir todos xuntos, para ir todos xuntos, onde? porque en asunción de responsabilidades e no recoñecemento dos erros que temos realizado, que temos cometido cada un dos nosos Grupos, vostedes non están, polo tanto, imos xuntos, depende, imos xuntos no que interesa, no que non, non.

Así que eu quedo co importante, que todos anunciamos que estamos de acordo co fondo destas mocións, dicía antes o voceiro do seu Grupo, e eu compárto, que non está ben andar todo o día co retrovisor posto. Tome vostede boa nota del, que a verdade creo que nese aspecto dá un bo exemplo cada vez que intervén, en canto a súa responsabilidade e en canto a mirar cara adiante, que penso que é o que temos que facer a partir de agora. Moitas grazas e nada máis.

#### Sra. Aneiros Barros

Moi brevemente, Sr. Presidente, moi brevemente. Mire, eu non son a que miro co retrovisor, é vostede o que se remontou a empresas que cerraron hai unha chea de anos e citou ao Sr. Rajoy no ano 2012. Eu falei da situación actual, Sr. Fernández, entón non me acuse a min das cousas nas que cae vostede. Retrovisor o seu, eu falei do sector naval actual, falei da situación de Siemens Gamesa e falei da situación de Endesa, actuais, e estou a falar de solucións, e esas solucións pasan por accións do Goberno do Estado en colaboración coa Xunta, pero moitas do Goberno do Estado. Siemens Gamesa, un ERE en mans da ministra de Traballo, Endesa, o peche da

central térmica de Endesa teno que autorizar o Goberno do Estado. E as políticas actuais, mire, o céntimo verde implantaríao o Sr. Rajoy, pero quen discriminou o gas en prexuízo do carbón non foi o Sr. Rajoy, foi o Goberno socialista, que ese é o problema, non a implantación do céntimo verde, senón a discriminación a favor do gas e en contra do carbón, non me queira enganar nin confundir, como di vostede, aos que nos están ouvindo.

E o sector naval, vólvolle dicir, decisión deste Goberno, darlle a un botonciño, poñer diñeiro e autorizar a construción dun buque.

De verdade, só lle pido unha cousa, todos estes esforzos que fai vostede neste Pleno céntralos en convencer aos que gobernan en Madrid para buscar estas solucións, pídlle que non se esforce tanto neste Pleno, non gaste tantas enerxías, e fágao convencendo aos que gobernan en Madrid que, curiosamente, son do seu Partido. Nada máis.

Sr. Presidente

Imos votar primeiro a moción da Marea, incluíndo a emenda presentada polo PSdeG.

Sr. Secretario

Aquí non hai constancia de ningunha emenda. Sería tan amable o propoñente de lernos a moción con ou sen emenda definitiva, para que saibamos o que se acorda?, aquí simplemente temos rexistrada unha moción, aquí non hai ningunha emenda.

Sr. Presidente

Vótase a moción da Marea tal e como foi presentada e que Bernardo explique o teor literal da emenda que se incorpora á moción da Marea.

Sr. Secretario

Entón haberá que saber a emenda, votar a emenda e despois votar a proposta da Marea coa emenda incluída. Entón, alguén terá que lelo para saber definitivamente que é o que acordamos.

Sr. Fernández Piñeiro

Xa procedín a lectura da emenda antes, volvo lela de novo, non hai problema.

Sr. Secretario

Por iso digo que por favor o propoñente da moción, con ou sen a emenda, que lea o que imos acordar, ou sexa a proposición coa emenda, porque senón non sabemos aquí finalmente como queda. Por favor, pode ler o que imos aprobar agora?

Sr. Lema Suárez

Eu teño o texto orixinal da moción, a emenda expúxoas in voce o compañeiro do Partido Socialista, está aceptada, e non teño agora mesmo aquí redactada, co cal se lle parece ao Sr. secretario, que expoña a emenda que nós aceptamos, e despois votamos a moción.

Sr. Secretario

Pode ler a emenda o emendante, por favor?

Sr. Fernández Piñeiro

Si, volvo a lela de novo: "Propoñer ao Foro económico e social presidido pola Deputación da Coruña e formado por representantes da patronal, sindicatos e Universidades, que na reunión constitutiva acorde solicitar a creación dunha Mesa na que estean representados os gobernos autonómico e estatal para realizar unha análise da situación da industria na provincia da Coruña e a presentación dun Plan de reactivación económica".

Sr. Secretario

Por favor, unha aclaración, é unha emenda de adición ou de modificación?, é dicir, é para engadir como punto terceiro.

Sr. Lema Suárez

É de substitución do primeiro punto

Sr. Secretario

É dicir, o punto primeiro queda substituído por isto que acaba de ler vostede. Estamos todos de acordo?, ese sería o punto primeiro.

Punto segundo, "Dar traslado do seguinte acordo..." do que acaba de ler o Sr. portavoz do PSOE, "...do seguinte acordo ao Ministerio de Industria e a Xunta de Galicia e aos representantes dos principais axentes sociais", é isto?.

Sr. Lema Suárez

Correcto

Sr. Secretario

Entón si, agora sabemos o que se vai votar.

## **VOTACIÓN**

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 11 do PSOE, 3 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

O Pleno, por unanimidade, aproba a seguinte moción:

### **"Moción sobre tecido industrial na provincia.**

#### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

Endesa, Gamesa, Poligal, Isolux... son algúns dos nomes das empresas do sector industrial nas comarcas da Coruña e Ferrolterra pechadas nos últimos dous anos. A estas hai que sumarlle a incerta situación da fábrica de Alu Ibérica, antiga Alcoa, na Coruña, vendida a un grupo empresarial cun xeito de actuar máis característico dos fondos voitre que das empresas serias e profesionais.

Cada un destes peches supón un drama para milleiros de familias do noroeste da provincia da Coruña dependentes, de xeito indirecto ou indirecto, da súa continuidade e, nalgún caso, como o de Gamesa, o seu peche amosa, asemade, a estrutura colonial do desenvolvemento económico en Galicia, no que a extracción de materias primas, coma o vento, cun impacto paisaxístico severo, non se ve acompañada polas industrias procesadoras e auxiliares relacionadas co mesmo, é dicir, o xeradores, as palas fabricadas ou os moteres.

Resulta difícil calcular con exactitude o impacto en postos de traballo destes peches que, sumados os empregos directos e indirectos, sen dúbida superan os dous milleiros. O que nos indican os datos ofrecidos polo INE, é que no primeiro trimestre de 2008, a provincia da Coruña contaba con 77 mil empregos no sector industrial, que no terceiro trimestre do 2020 se reduciran a 66.2. É dicir, en doce anos a nosa provincia perdeu máis de once mil empregos industriais, un 14% do total, un rexistro que empeorará cando se incorporen os últimos peches.

As causas desta verdadeira desertización industrial das nosas comarcas ten raíces históricas profundas que cómpre ter en conta. Así, a mal chamada reconversión industrial supuxo o peche dos estaleiros de titularidade pública de Ferrol, como Astano, que non foron substituídos por outras industrias que axudasen a recuperar o emprego perdido.

A esta nefasta política levada a cabo polo PSOE nos 80 engadíronselle nos 90 as privatizacións dos gobernos de Aznar, quen puxo á venda a chamada xoia da coroa da industria española, Endesa, vendida por un prezo irrisorio a unha empresa de capital público italiana Enel, que vén de pechar a súa central nas Pontes de xeito unilateral. Tamén foron acabadas de vender durante o goberno Aznar Telefónica, Argentaria, Repsol, Gas Natural, Tabacalera ou Iberia. Ás vendas destas empresas hai que sumarlle a desregulación do mercado enerxético en 1998, o que deu lugar aos prezos da luz máis caros da Unión Europea en relación coa renda per cápita, e

tamén a unha perda incesante de empresas altamente consumidoras de enerxía.

Atopámonos, nestes momentos, no espertar do longo soño neoliberal, no que o mercado, na súa evolución endóxena, debía substituír e mellorar as consideradas obsoletas industrias de titularidade pública. O que o que aconteceu, en realidade, é que o Valor Engadido Bruto da Industria respecto do total da economía pasaba do 25.9% en 1980 ao 14% no 2019, mentres que na galega, no mesmo período, o peso da industria na economía pasaba de xxx a xxx.

A primeira obriga dos poderes públicos é asegurar o benestar económico das sociedades ás que representan, e non se albiscan no horizonte inmediato iniciativas lideradas polas administracións destinadas a paliar a continua perda de tecido industrial na nosa provincia. É urxente reverter esta situación e facelo desde a concertación, o diálogo institucional e o compromiso na procura de solucións inmediatas, efectivas e reais á perda de emprego na nosa provincia.

**Por todo o anteriormente exposto, instamos o Pleno da Deputación da Coruña a adopción dos seguintes acordos:**

1 Propoñer ao Foro económico e social presidido pola Deputación da Coruña e formado por representantes da patronal, sindicatos e Universidades, que na reunión constitutiva acorde solicitar a creación dunha Mesa na que estean representados os gobernos autonómico e estatal para realizar unha análise da situación da industria na provincia da Coruña e a presentación dun Plan de reactivación económica.

2 Dar traslado do seguinte acordo ao Ministerio de Industria, a Xunta de Galicia e os representantes dos principais axentes sociais."

Sr. Presidente

A seguinte moción que se vota é a presentada polo BNG.

A continuación vótase a ratificación da urxencia da moción presentada polo BNG.

### **VOTACIÓN**

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 11 do PSOE, 3 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

Ratifícase a urxencia por unanimidade.

Seguidamente vótase a moción:

## **VOTACIÓN**

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 11 do PSOE, 3 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

O Pleno, por unanimidade, aproba a seguinte moción:

### **"Moción relativa á crise económica nas comarcas de Ferrol, Eume e Ortegal"**

O recente anuncio do peche de Siemens-Gameasa no Concello das Somozas, o peche da central térmica das Pontes, a situación de colapso na ría de Ferrol e a falta de traballo en Navantia deixa ás comarcas de Ferrolterra, Eume e Ortegal nunha situación de emerxencia económica e social, un panorama no que todos aqueles sectores ou empresas estratéxicos, dos que depende a comarca, están pechando ou en situación de parálise.

O anunciado peche da central térmica das Pontes, despois de esgotar os recursos mineiros da localidade e de transformar radicalmente o territorio, supón un reto económico e social de enormes dimensións para a comarca de Ferrol. Neste sentido, un informe elaborado polo Concello das Pontes, coa participación dunha consultora e un bufete especializados en temas mineiros e industriais, estima: "en cálculos globais, conforme a declaracións do ano 2016 da propia Endesa (Jefatura de Servicios Económicos de la UPT), a contribución da central, entre salarios, tributos e compras a provedores ascendía 38.000.000 €/ano". O informe abunda tamén na perda de postos de traballo, en termos directos e máis de prexuízo circular ou de arrastre, estimando que a perda estaría nun intervalo de 1.000 a 1.400 postos de traballo. Peche que se produce sen alternativa algunha a día de hoxe, o que desminte os discursos governativos da transición enerxética, retratándoa como un desmantelamento puro e duro, con renuncia expresa por parte dos gobernos a empregar os instrumentos normativos e de promoción empresarial á súa disposición.

A perda de postos de traballo en Navantia-Ferrol, ao redor de 2.000 persoas nos últimos meses, seguirá aumentando até a próxima entrega do último buque en construción para a armada australiana. E non existe un horizonte próximo, nin tan sequera coñecido, para o inicio de novos programas de construción naval, máis aló das difusas noticias sobre as novas fragatas 110 para a armada española, cun calendario construtivo en canto a inicio e picos de ocupación que, por afastados no tempo (máis de 2 anos), non representan unha opción real de emprego para ninguén do sector. O confinamento de Navantia na ría de Ferrol ao sector militar ten provocado unha crise xa estrutural na comarca de Ferrol. Malia esta evidencia, as directrices gobernativas para a empresa mantéñense na liña de redución ou renuncia a todas aquelas outras actividades alternativas, léase turbinas, ou a eólica mariña, e a consabida construción civil respectivamente. Neste escenario, e cos precedentes históricos, resulta preocupante a falta de investimentos para modernizar as instalacións, tanto en reparacións, como en novas construcións, sendo especialmente relevante a falta de compromisos orzamentarios para a construción do anunciado, e necesario, dique cuberto.

O recentemente coñecido peche da fábrica de SIEMENS-GAMESA no Concello das Somozas, que viña empregando a 300 persoas, e que xeraba unha importante actividade inducida sobre todo no sector transporte e no porto de Ferrol, supón outro golpe mortal para a comarca, xusto nun sector -o da industria de compoñentes para a xeración de enerxía eólica- que se nos anunciaba motor da reactivación económica. Igual que nos casos anteriores, tampouco os comportamentos dos diferentes gobernos para evitar esta nova crise industrial está á altura das necesidades.

A maiores de todo o anterior, a situación actual da ría de Ferrol é de colapso absoluto, cunha produción de escasamente un 10% da que existía hai tan só dez anos. Este descenso na capacidade produtiva da ría vai expulsando do sector, de xeito progresivo e ininterrompido ás persoas que até o de agora viñan traballando e vivindo del. Todas as persoas do sector e do mundo académico con coñecemento de causa coinciden na necesidade de realizar un estudo da situación da ría, co obxectivo de determinar as causas que provocan a caída da produción, e das posíbeis solucións. Mais a posta en común da necesidade de realizar o estudo, incluído un acordo do Parlamento galego adoptado por unanimidade de todos os grupos, non parece suficiente para que se concrete na práctica, nunha parálise governativa que significa de facto a morte da ría, e que raia polo tanto no criminal.

Atopámonos pois nunha situación que require de actuacións concretas por parte dos gobernos galego e español, nun escenario no que é urxente a activación de medidas que contribúan á recuperación industrial e garantan o desenvolvemento económico e a creación de emprego nunha comarca que xa non pode agardar máis.

Por todo o anteriormente exposto, propoñemos ao Pleno da Deputación Provincial da Coruña á adopción dos seguintes acordos:

- 1.- Instar á Xunta de Galicia e ao Goberno Central a presentar, con carácter urxente, un plan de desenvolvemento económico para as comarcas de Ferrolterra, Eume e Ortegal, co fin de garantir o traballo actual e das futuras xeracións, partindo do tecido empresarial existente (Endesa, Navantia, Gamesa) e das potencialidades da propia comarca (nomeadamente o sector marisqueiro da ría de Ferrol), con medidas de actuación inmediatas, proxectos concretos, partidas orzamentarias e prazos de execución.
- 2.- Mostrar o apoio á folga xeral do 25 de febreiro e ás mobilizacións propostas polas centrais sindicais en defensa dos postos de traballo."

#### Sr. Presidente

Por último vótase a ratificación da urxencia da moción presentada polo Grupo do PSdeG-PSOE

Vótase a ratificación da urxencia da moción do PSOE.

#### **VOTACIÓN**

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 11 do PSOE, 3 do BNG, 1 de Marea

Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

Ratifícase a urxencia por unanimidade.

Seguidamente vótase a moción:

### **VOTACIÓN**

Votan a favor: 27 deputados/as (14 do PP, 11 do PSOE, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: 3 deputados (BNG)

O Pleno, por maioría, cos votos a favor do PP, PSOE, Marea Atlántica e Alternativa dos Veciños e a abstención do BNG, aproba a seguinte moción:

### **"Moción do Grupo Provincial Socialista sobre o desmantelamento industrial das comarcas de Ferrolterra, Eume e Ortegal"**

#### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

Fai apenas uns días, o pasado 19 de xaneiro, a empresa Endesa anunciaba a súa decisión unilateral de peche definitivo da central térmica de As Pontes, escudándose nunha suposta inviabilidade do uso de biocombustibles que impide, ao seu xuízo, prolongar a vida da súa instalación no municipio, sen garantir postos de traballo alternativos aos traballadores da plantilla principal, empresas auxiliares e transportistas. Estes últimos, cuxos empregos atópanse no aire, suman ao redor de 170 persoas.

Con esta nova falla de compromiso amosada pola empresa, ten lugar o derradeiro fito no desmantelamento industrial nas comarcas de Eume, Ferrolterra e Ortegal, proceso de desmantelamento cuxo ritmo ven de acelerarse ao longo do pasado ano 2020.

Deste xeito, só uns días antes, o 11 de xaneiro, a empresa Siemens Gamesa, ubicada no concello de As Somozas, pechaba tamén a única planta de fabricación de palas eólicas en España, e que conta cun cuarto de século de antigüidade, e deixa no aire mais de 200 empregos. Trátase doutro peche del todo incomprensible, nun contexto particularmente favorable para o sector por todas as oportunidades que ofrece a transición enerxética, e do que non cabe outra explicación que unha mera operación de deslocalización da produción hacia Portugal, concretamente á planta de Senvion, onde a empresa ven de realizar un importante investimento para adquirir unha fábrica, precisamente co único obxectivo de abaratar salarios e costes de produción. Resultado desta forma de actuar é que Galicia queda sen fabricantes de aerogeneradores nun sector estratéxico nos próximos anos.

Este penoso proceso de desmantelamento afecta tamén á empresa Navantica Ferrol, que, a espera da posta en marcha do programa F-110 de fragatas de última

xeración, se atopa, na actualidade nunha situación crítica, sen carga de traballo, pois o único pedido en curso terminará no mes de marzo, polo que a factoría xa recortou preto de dous mil postos.

Ante este panorama, Alcaldes, asociacións de empresarios e centrais sindicais das comarcas de Ferrolterra, Eume e Ortegal sumaron as súas forzas nunha xuntanza, reclamando a participación de todas as administracións na busca de solucións e alternativas para este problema industrial existente nestas zonas especialmente castigadas, e na que expresaron todas as súas demandas; demandas, ás que esta entidade provincial mostra todo o seu apoio a través da presente moción.

Polo exposto, O Grupo Provincial Socialista solicita ao Pleno da Corporación Provincial a adopción dos seguintes acordos:

1. Esixir á empresa Endesa que garanta postos de traballo alternativos aos traballadores da plantilla principal, empresas auxiliares e transportistas. Solicitar ás distintas administracións que teñen competencias na materia para que se faga un esforzo para manter a actividade na planta de Endesa As Pontes.
2. Instar á Xunta de Galicia e ao Goberno Central a tomar, de maneira urxente, todas as medidas e colaboración precisas tendentes á reconsideración do peche da planta de "Siemens Gamesa", situada no Concello de As Somozas, aproveitando todas as oportunidades que ofrecen os plans de Transición Enerxética da Unión Europea.
3. Instar á Xunta de Galicia e ao Goberno Central á realización dunha auditoría das axudas públicas das que se beneficiou Siemens Gamesa nos últimos anos (autonómicas, estatais e europeas), e se esixan todas as responsabilidades oportunas, de consumarse a anunciada decisión de peche.
4. Instar ao Ministerio de Defensa e a Navantia a construción dun buque-puente, para dar carga de traballo aos astilleiros de Ferrol.
5. Instar á Xunta de Galicia (Consellería de Economía, Empresa e Innovación) e ao Goberno Central (Ministerio de Industria, Comercio y Turismo y Ministerio para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico), para que se proceda á creación urxente dunha mesa de traballo para a reindustrialización, reactivación económica e a competitividade das tres comarcas afectadas, Ferrolterra, Eume e Ortegal.
6. Instar á Xunta de Galicia e ao Goberno Central a que as subastas sobre renovables que se poñan en marcha no futuro, se vinculen ao desenvolvemento ou mantemento de proxectos industriais localizados en Galicia.
7. Mostrar todo o apoio á folga xeral do 25 de febreiro, e ás mobilizacións promovidas polas centrais sindicais en defensa dos postos de traballo."

(Abandona a sesión o Sr. Fernández Mouriño).

Sr. Presidente

Pasamos a outra moción presentada polo Grupo Partido Popular de apoio á

creación dun fondo de cooperación galego Covid-19.

Sr. Ben Otero

Bos días de novo a todos. Eu esta moción voua expor, ben a moción xa a coñecedes todos, foi suficientemente falado respecto de medios de comunicación e demais, e vou facer a súa exposición, ou a súa defensa, coma se o que sucedeu esta semana ao longo da semana non sucedese nas negociacións coa Deputación e demais, porque profundaremos despois, cando o Partido Socialista expoña a súa, respecto de varias cuestións que creo que debemos de apuntar. Vou facer a defensa desta moción quitándome a camiseta do Partido Popular, baixándonos o noso Grupo das bandeiras que se poñen en campaña electoral e imos expor esta moción coa camiseta da hostalería e dos traballadores da hostalería, é dicir, daquelas persoas que o están pasando moi mal e estano pasando moi mal porque as decisións que hai que tomar, non de forma unilateral, senón as decisións que os comités clínicos trasladan e o poder executivo, evidentemente, a Xunta toma unhas decisións polo ben de todos, porque o máis importante neste momento é a saúde, pero recoñecendo que este sector e a xente que traballa nel, está a pasalo moi mal.

En consecuencia, coa camiseta da hostalería posta, o primeiro que quero facer mención é a unhas declaracións que fixo unha ministra do Goberno de España, na actualidade ministra de Sanidade, naquel momento ministra de Política Territorial e Función Pública, a Sra. Carolina Darias, ela defendeu a necesidade de articular un novo modelo de gobernanza pública, co obxectivo de fortalecer e consolidar, ao mesmo tempo, a cooperación territorial, un modelo que permita, así mesmo, alcanzar a cohesión do noso estado social e democrático de dereito, subliñando a relevancia do tema de cogobernanza entre as distintas administracións públicas do país, que forme parte dun necesario mínimo común de entendemento sobre o que avanzar na consolidación do Estado autonómico. Un modelo, abundou Carolina Darias, que conte coa implicación de todos os niveis de xestión do público, estatal, autonómico e local, e que unha vez madurada a experiencia da coexistión durante a crise sanitaria, centre a súa atención nas formas de comunicación e de cooperación, máis que na propia delimitación competencial entre diferentes institucións públicas. Creo que sobre isto, non deberíamos de ter moito que discutir.

Sr. Presidente, compañeiras, compañeiros deputados, o enorme esforzo institucional desenvolvido é a mellor imaxe que podemos ofrecer, e deberíamos de transmitilo á cidadanía, porque é a que se corresponde co sacrificio que fixeron durante este tempo todos eles. Por iso nestes momento é necesario articular un modelo de gobernanza que visibilice o poder e a capilaridade de todas as administracións para xestionar os recursos e poñelos ao servizo da cidadanía. Por iso, e co fin de facer fronte ás consecuencias da terceira onda da pandemia que castiga ao planeta, en xeral, a Galicia en particular, a Xunta de Galicia, deputacións provinciais e concellos debemos cooperar nunha mesma dirección de acción. Por iso pídovos o voso voto de apoio a esta moción co obxectivo de poñer en marcha de inmediato e deseñar as medidas máis homoxéneas e eficaces posibles.

Por iso, administración autonómica e administración local, a través dos seus máximos responsables, deben acordar hoxe, que aínda hai unha última oportunidade hoxe, unir as súas forzas e coordinarse para seguir ofrecendo axudas económicas

aos sectores afectados polo Covid.

Compañeiros, con esta moción apélovos á necesidade de fortalecer os lazos institucionais e á importancia de actuar coordinadamente para dar futuro e esperanza, de cara a lograr un mínimo común entendemento para construír este país. Imos poñer en común o moito que nos une e deixar as cuíñas de quen ou como ou por que, que é o que máis neste momento está a certas deputacións separándonos. Esta crise déixanos valiosas leccións, unha delas que é necesaria máis e mellor cooperación entre todas as administracións do Estado para servir mellor ás necesidades compartidas da nosa cidadanía e, sobre todo, para construír a confianza que nos dá horizontes de esperanzas colectivas e de país. Ese é o reto, esa é a tarefa á que todos e todas estamos convocados como representantes públicos. Desde logo, este é o espírito co que presentamos a moción desde o noso Grupo, este é o espírito co que presentamos a moción, e voume axustar agora mesmo á súa defensa con esta intervención.

Evidentemente, por mor da defensa da outra moción que se presentou ás présas e correndo, despois da Xunta de Portavoces, cando este tema non era un tema novo, despois de negociar esta institución coa Xunta de Galicia durante esta semana, estar moi próximo o acordo, en que a Xunta elevaba a súa achega de 50 a 75 millóns, en que aceptaba unha colaboración de 5,5 millóns das catro deputacións, que agora mesmo esteamos a poñer en xaque isto, que agora mesmo esteamos a impedir que o luns se empecen a recibir as solicitudes para que os hostaleiros poidan recibir as axudas, non para lucrase, para sobrevivir, para manter o traballo o día de mañá, para volver abrir a súa persiana, polo amor de Deus, pídolles un último minuto de reflexión, pídolles aos membros desta Deputación que non se subxuguen, ou polo menos unha parte deste Goberno, que non se subxugue aos intereses partidistas do presidente, si, Sr. Presidente, dóeme moito ter que dicirlllo, aos intereses do seu Partido, que nos vén impondo o alcalde de Vigo, que por primeira vez na historia o alcalde de Vigo dirixe e marca o rumbo político da Deputación Provincial da Coruña, non o podemos tolerar, Sr. Presidente, síntoo moitísimo, non o podemos tolerar, aínda que estea en xogo a Secretaría Xeral do Partido Socialista de Galicia, é un tema que para nós é irrelevante, porque agora mesmo o relevante, agora mesmo o importante, agora mesmo o transcendente, e agora mesmo o que nos ten que ocupar, é que a xente, cando pase esta crise, que haberá, espero, unha baixada, igual volve haber unha subida, a ver como actúa a vacina e logramos conseguilo, que a xente poida abrir a súa persiana, que o cociñeiro traballe na cociña, que o axudante de cociña, que o camareiro, que o limpador, que o distribuidor, que toda esta xente teña futuro e teña esperanza. Non se subxugue vostede, está a tempo hoxe pola tarde de corrixir o rumbo, e pídolle, por favor, Sr. Presidente, que corrixa o rumbo en pos do espírito co que ultimamente estamos a traballar nesta institución. Nada máis e moitas grazas.

Sr. Regueira Varela

Imos ver, eu como representante, un dos representantes desta administración na Mesa aberta, subscribir tanto os epítetos como a intervención sobre o espírito da moción presentada polo Partido Popular, aínda que xa o fixen en privado, insisto, porque é importante, é relevante, é transcendente, e todos os epítetos que se queiran poñer, incluso cando se negocia unha paz hai unha tregua onde non se dispara, de silencio. Eu creo que o ruído é malo.

Antes eu dicía que creo absolutamente na función da política, creo que a política ten como única finalidade, chegar a acordos, e creo que hai un proceso de acordo en marcha, e penso que este tipo de debates, compartindo absolutamente o espírito, non benefician para chegar a un acordo.

Eu pediría que evitemos o ruído ata hoxe ás cinco e media da tarde, porque aos que imos estar alí este ruído non nos vai beneficiar nada, e creo que, como dicía moi ben o portavoz do Partido Popular que, insisto, subscribo a vehemencia incluso coa que acaba de intervir, creo que o importante é o sector, e o importante son os acordos. Se temos que debater a moción, aquí falaremos todos e todas, e intentaremos tamén expoñer a nosa visión política, porque o da camiseta está moi ben dicilo, pero ao final debaixo da camiseta tamén hai unha alternativa política clara aínda que se poña esa camiseta. Eu creo que deberíamos, cando menos, quedar emprazados a un debate que se pode dar máis tarde, pero hoxe eu aposto por un acordo, eu non quero marchar da Deputación da Coruña cara a Compostela coa sensación de que non vou chegar a un acordo, e creo que esta administración, desde o primeiro momento, estivo coa man tendida para chegar a un acordo, e a miña esperanza é chegar a un acordo que sexa bo para o sector, principalmente para o sector.

Polo tanto eu pediría, faría un último esforzo en pedir que non debateramos ningunha das mocións, e que optáramos por o silencio ata que nos pronunciemos as administracións e fagamos o último esforzo de acordar o mellor para o sector. Nada máis.

Sr. Lema Suárez

Eu creo que é conveniente que no debate desta moción tal vez non haxa o mesmo espectáculo que no anterior. Eu creo que a situación de urxencia require tamén unha responsabilidade semellante á que esixe o que acaba de comentar agora mesmo o compañeiro Regueira.

Nós entendemos que, se non me equivoco, hai dúas mocións que se presentan sobre a mesma cuestión, esta e a seguinte do 1% hostaleiro, eu creo que, desde o meu punto de vista, desde o noso punto de vista, a falta da segunda, que nos parece equilibrada, porque reparte de xeito proporcional o peso das achegas a esa medida que se entende que é realmente necesaria e que todos compartimos, de rescate ao sector hostaleiro, e esta outra, é anterior, ten razón o compañeiro Evaristo, ten esa prerrogativa, que foi presentada con anterioridade, polo tanto non é sospeitosa de ser unha réplica ou unha resposta a un movemento da outra parte, pero eu insisto que a nós nos parece que a outra proposta é máis equilibrada. Esta parécenos tamén, se non existise ningunha outra, desde logo a apoiariamos sen dubidalo, e pensariamos agora mesmo que habendo outra, trátase dunha escolla.

En todo caso, fago miñas as palabras do compañeiro do BNG, entendemos que o que se espera de nós é que rememos na mesma dirección, hai aí fóra moitísima xente desesperada e cabreada e o último que quere ver dos seus representantes públicos é un cruce de reproches, e máis ben o que esperan de nós é que haxa solucións concretas e inmediatas sobre a mesa, co cal tamén espero que no

debate desta propia moción acheguemos posturas e deamos cara a fóra esa..., lancemos esa mensaxe que temos que lanzar de estar completamente comprometidos co inmediato e que somos sensibles a esa situación e a esa demanda de unidade, demanda de acción. Nada máis.

Sr. García Seoane

(Texto inaudible).

Por tanto, xa digo, toda a vontade do mundo para cooperar, toda a vontade do mundo para ver solucións, pero imposicións, ningunha. Toda moción que leve, como se di na moción do PP, que non se dixo, que se saquen os impostos, que se baixe o IBI, o outro, quedámonos, como di o outro, como o galo de Morón, sen plumas e cacarexando, pero nós temos que dirixir estes organismos, por tanto, necesitamos os cartos que temos, non podemos despois andar mendigando que nos dean cartos para aquilo que realmente temos que afrontar nós obrigatoriamente cos impostos e coas taxas e facer unha política tan miserenta nese aspecto, non tan demagóxica, que bonito queda, sácolle o imposto, non lle cobro isto, non lle cobro o outro, marabilloso, e logo a ruína completa. Esa non foi nunca a nosa política, é unha política seria e, xa digo, eu estou disposto a apoiar todo o que haxa, pero imposicións, eu non vou, nin a moción neste caso a parte dispositiva da moción socialista, cando di que o 1% se aplique para isto. Porque despois, claro, hai unha porta aberta, e eu poderíame sumar a elas, e aqueles que non teñan diñeiro, ou aqueles que non queiran, créase un fondo adicional, pois métame no fondo adicional xa, métame no fondo adicional e non me metan a impoñerme o 1%.

(Texto inaudible).

Hai que recordar tamén que os cartos da Deputación son dos concellos e, por tanto, todo o que se saque para eses fondos non vai chegar nunca aos concellos. Estamos indirectamente pagando xa, porque son cartos dos concellos, a Deputación como tal non é a Xunta nin é o Goberno da nación e, por tanto, xa digo, aí estamos para cooperar, pero non nos impliquen, non nos obriguen a nada.

Sr. Fernández Piñeiro

Eu, antes de nada, e sumándome á proposta que facía o vicepresidente da Deputación, o compañeiro Regueira, nós propoñemos que se retire esta moción e retirar a nosa, basicamente porque estas dúas mocións propoñen acordos ás administracións, entre elas a esta Deputación, acordos que xa se están a negociar, e que se van continuar negociando esta tarde. Polo tanto, non tería ningún sentido adoitar un acordo agora, se imos ter unha negociación pola tarde, ao menos que se intente impoñer que se tome xa unha decisión por parte da administración, independentemente do que se poida falar alí pola tarde e, polo tanto, non vaíamos negociar nada.

Non sei se desde o Partido Popular, isto preguntoo antes de continuar coa miña intervención están dispostos a retirala ou manteñen a moción, simplemente con que diga si ou non chégame, e así decido como continuar a miña intervención.

### Sr. Ben Otero

Imos ver, isto poderíamos falalo, pero hai unha cuestión, eu hai algo que a min me preocupa, porque a postura da Deputación, e queroo deixar meridianamente claro, o ton meu, que non é igual o máis correcto, ben, correcto pode selo, pero non é o que veño traendo ultimamente, vén provocado pola nota de prensa conxunta das tres deputacións de onte, é que eu xa sei cal é a vosa postura hoxe pola tarde, porque o vin nunha nota de prensa das tres deputacións de onte, e eu respecto diso desa nota de prensa das tres deputacións de onte, teño algo que dicir. Por iso, eu se queres expor, aínda que logo finalmente decidimos se retiramos ou non as mocións, pero eu hai dous ou tres cuestións que teño que puntualizar, Bernardo, porque o vin onte na nota de prensa, onte a última hora da noite, e dixeran, isto non é tolerable, cando estabamos a falar, estivemos negociando toda esta semana, estivemos impulsando un acordo, pero un acordo a favor de todos, non contra ninguén.

Por iso digo que esta é a actitude máis partidista, ou con tinguiduras de partido, que vin en moito tempo nesta casa, e eu espero que ti fagas a túa intervención. Eu logo quero facer tres puntualizacións respecto ao que pon a nota de onte, e logo decidimos se retiramos a moción ou non.

### Sr. Fernández Piñeiro

En primeiro lugar, unha nota de prensa que anuncia unha postura previa a unha reunión nunha negociación non pode ser un obstáculo para retirar estas mocións, e isto dígoos porque desde que empezamos esta negociación eu tamén vin notas de prensa marcando posturas que logo se modificaron.

A primeira nota de prensa que vin, vira xa hai máis de dúas semanas nunha reunión que mantivo a Xunta de Galicia co Clúster de turismo e na que dicía "*Xunta y hosteleros gallegos acuerdan un fondo de cooperación para las ayudas del Covid*", isto entrecomillado, Axencia EFE. "*La Xunta de Galicia y representantes de hostelería han propuesto la creación de un fondo de cooperación Covid para el pago de ayudas a este sector*". Vin outras notas de prensa na que se dicía que a Xunta de Galicia ía achegar 50 millóns si ou si, e nin un céntimo máis a este fondo.

Pois grazas a esas negociacións, loxicamente cada unha das partes levaba unha postura e unha proposta para esa reunión, todas as partes foron mudando a súa postura, inicialmente este era un plan para hostalería, agora xa non é un plan para hostalería, polo tanto, Evaristo, na camiseta que tes posta e que eu comparto contigo, ademais seguramente ata a talla pode ser similar, teremos que meter a máis sectores, non só á hostalería, porque agora este Plan, que naceu como un plan para a hostalería, vai ser un plan para todos os sectores prexudicados pola pandemia, así o trasladou a Xunta.

Nós chegamos a esa reunión o primeiro día cun plan para a hostalería, ao día seguinte sae unha nota de prensa da Xunta, puntualizando que ese plan de 50 millóns non era só para a hostalería, senón que ía ser para todos os sectores, e ao día seguinte, que foi a segunda reunión xa se nos trasladou que a Xunta poñía 25 millóns de euros máis e que, efectivamente, era para todos os sectores. Polo tanto, as notas de prensa, loxicamente marcan unha postura de partida, pero se imos ter unha

reunión hoxe é porque hai vontade de negociación, senón sacariamos a nota de prensa, trasladaríase e non teríamos nada máis que falar, polo tanto non creo que iso sexa un impedimento para que retiremos unhas mocións que, como digo, o que farían sería impoñer a esta Deputación unha postura concreta e xa non teríamos que ir pola tarde a negociar nada porque xa estaría acordado e non poderíamos ir en contra do acordo, valla a redundancia, que hoxe tomemos neste Pleno. Polo tanto, aí nace a solicitude de que se solicite, perdón, e volvo repetirme, a retirada destas dúas mocións.

Dito isto, compartindo esa camiseta que, repito, eu amplíe a outros sectores, eu lembro que esta Deputación no anterior exercicio foi quen de reducir partidas do seu orzamento para xuntar un 10% do seu orzamento e dedicalo ás axudas aos autónomos, un 10%, que non é moco de pavo. A Xunta de Galicia está a facer un esforzo agora de 75 millóns que supón o 0,7% do seu orzamento, é certo que neste baile de cifras, agora din que é un 1,4 se lle suman o que achegaron o ano pasado. Evidentemente, nós se sumamos ese 10% que achegamos o ano pasado a este 1% que imos achegar agora, máis o que achegaremos coas distintas liñas que a Deputación vai seguir mantendo de axudas, porque non vai achegar só o 1% para estes sectores, senón que o achegaría a este fondo, pero para estes sectores habería máis axudas, estaríamos moi por riba, repito, moi por riba da achega da Xunta de Galicia.

Pero como isto non se trata dunha competición, de a ver quen é máis guapo, e de quen achega máis, senón como ben dicías antes de que todos fagamos un esforzo para chegar a un acordo e axudar ao sector e facelo de forma rápida, que é o que todos e todas queremos e o que nos demandan, non entrarei nesa cuestión e nese baile de cifras para intentar compararnos uns cos outros. Agora ben, é certo que hai que deixar cousas claras porque son así, responden á realidade. Hai vontade de acordo?, si, efectivamente, hai vontade de acordo pola nosa parte. Hai vontade de colaboración?, toda a do mundo. Compartimos o obxectivo?, todo, pero tamén é certo que esta Deputación e os concellos tivémonos que informar pola prensa do que íamos achegar. Nunha reunión na que estaba a Xunta de Galicia co Clúster decidiuse canto ían achegar as deputacións e canto ían achegar os concellos, xa non digo sen ternos consultado antes, nin sequera se nos tivo convidado a esa reunión.

E sinto contradicirte, Evaristo, sabes que te aprecio persoalmente ademais, e te valoro politicamente, que aquí non hai ningún tipo de influencia externa, nin do Sr. Caballero, que sabemos que é unha besta negra para o Partido Popular, nin de ningunha outra administración. Eu podo lembrar que o presidente desta institución xa no mes de novembro remitiulle unha carta á Xunta de Galicia solicitando que se convocara ás deputacións e aos distintos actores que interveñen nesta problemática que estamos a vivir para poder acadar un acordo e apoios para este sector e para as empresas e autónomos afectados. Esa solicitude non tivo resposta, desgrazadamente. Esa solicitude volveuse reiterar a principios do mes, o pasado día 3 de decembro na comparecencia que o presidente fixo no Parlamento de Galicia, volveu solicitar novamente que a Xunta de Galicia nos convocara a todos para poder falar deste tema. Non obtivemos resposta. E hai cinco días convócasenos por parte do Clúster, non por parte da Xunta de Galicia, a unha reunión para falar dun tema que xa tiñan acordado previamente hai algo máis de dúas semanas a Xunta e o Clúster que si se tiña reunido, pero non coas deputacións e os concellos. Pois honestamente,

creo que esa non é forma de facer as cousas.

Estaría igualmente mal se nos reuniramos nós sos co Clúster e non se tivera convidado á Xunta, diría exactamente o mesmo que estou a dicir. Penso que as administracións teñen que partir dun principio de respecto institucional entre elas, iso é importante e iso é a base de todo, de todas as relacións que poidamos ter interadministrativas. Por iso non entendo porque a Xunta de Galicia tendo en conta que esta situación que está vivindo o sector, desgrazadamente, non se debe ao peche en exclusiva que se acaba de anunciar, porque xa houbo outros peches, xa houbo reducións de horarios, de actividade comercial, etc., polo tanto, veñen arrastrando desgrazadamente esta situación desde hai moitísimos meses.

Polo tanto, a necesidade desta convocatoria non nace do último anuncio por desgraza que realizou a Xunta de Galicia, do último DOGA, nace xa hai moitos meses, meses nos que se solicitou esta reunión, este foro que se creou agora e que non obtivemos resposta por parte da Xunta de Galicia. Non entro a valorar por que non a tivemos, non vou entrar aí, nin o sei tampouco, nin quero ser mal pensado, e dígo con total sinceridade, non se convocou, ese é un feito constatable, a pesar de terse solicitado.

Decidiuse co Clúster ir ao modelo valenciano, modelo valenciano que na primeira reunión que tivemos se formulaba como os dez mandamentos, non se podía modificar, o modelo valenciano era perfecto, pero claro, era perfecto collendo só aquelas cuestións do plan valenciano que nos interesaban, que era que as deputacións achegaran un trinta e pico por cento, e en torno ao vinte os concellos. Pero é que o plan valenciano é moito máis ca iso, porque hai que recordalo, o plan valenciano son 340 millóns de euros, dos cales 160 distribuíríanse con este criterio, a diferenza a achega en exclusiva a Comunidade Autónoma, 160 e aínda achega un 60% máis. Polo tanto, a proposta non é do plan valenciano, a proposta é dunha parte do plan valenciano, que é a que interesa á Xunta de Galicia, quen foi a que se reuniu co Clúster, trasladar, porque a nós non se nos preguntou.

O programa valenciano tamén di que o xestionen os concellos, que é unha proposta que non traslada a Xunta e que propón que o xestione directamente a autonomía, e o plan valenciano tamén propón que aqueles concellos que non acheguen, queden fóra do plan, algo que non está recollido na proposta que estamos a negociar. Polo tanto, colleuse do plan valenciano aqueles aspectos que interesaba coller porque consideraban que eran máis positivos, e outros non, non entrarei tampouco a valorar porque uns si e outros non. Pero está claro que a nós non se nos consultou.

E se pretende, loxicamente utilizando como argumento as necesidades que ten o sector, e as persoas que viven dese sector, que eu comparto e que compartimos nesta administración ao cen por cento, preténdese que en catro días teñamos que aceptar e chegar a un acordo de algo que se vai xestando por parte de dous actores a maiores desde hai semanas e que no caso do plan valenciano tardou en negociarse meses, porque comezou a negociarse entre todas estas administracións desde o mes de xuño, iso é importante telo en conta. Nós chegamos a unha primeira reunión na que xa se nos esixía, primeiro aceptar a proposta sen ningún tipo de contraresposta por parte das distintas administracións que alí estabamos representadas, é dicir, tiña

que ser esa si ou si. Despois se esixía que todos os concellos tivesen, nese caso o seu representante, o presidente da FEGAMP, unha resposta sobre a súa achega, e todo isto en corenta oito horas. Paréceme pouco serio. E, efectivamente, son consciente, repito, e somos conscientes da situación que atravesamos o sector, e do importante de que os fondos cheguen canto antes a ese sector, pero teremos que asumir a autocrítica uns e outros de retomar, ou polo menos mellor dito de ter iniciado este foro con algo de atraso.

Efectivamente, na primeira parte da pandemia a Xunta sacou unha liña de axudas, os concellos sacamos as nosas axudas, a Deputación sacou as súas e, evidentemente, todos fomos aprendendo dese proceso, porque ese proceso, pois efectivamente, nalgúns puntos foron bastante lentos e os cartos chegaron tarde, ou están chegando tarde. Pero iso serviunos a todos para aprender, e para tirar doutros exemplos. No plan valenciano establécese un sistema de reparto para os concellos e de tramitación dos expedientes que é moi rápido, e é un sistema similar ao que houbo en concellos en Galicia, cunha declaración responsable e se adiantan os cartos. Polo tanto, poderían estar recibindo os fondos no momento en que estea habilitado o crédito, algo que é rapidísimo. E a min que me tedes escoitado ademais moitas veces nesta administración dicir, e reclámoo constantemente, que hai que tratar aos concellos como maiores de idade e de igual a igual, sería importante que se nos deixara decidir, que se nos deixara opinar, e que non se nos estivera impoñendo constantemente o que temos que facer por parte das administracións de rango superior. E, polo tanto, eu son dos que digo que os concellos temos capacidade para facelo simplificando o sistema e aprendendo daqueles erros ou eivas que houbo nos sistemas precedentes no inicio da pandemia.

De aí a proposta que naceu no día de onte, consensuada entre as distintas entidades e que non viña imposta por ninguén, porque na última reunión que tivemos de Clúster o que trasladou a Xunta era que non ían aceptar un modelo mixto, que non era posible. Nós dicíamos que os concellos que queiran sumarse e adherirse e xestionalo eles, que se lles permita xestionalo eles, e aqueles que non queiran, que deleguen esa tramitación na parte da Xunta de Galicia. Ben, os representantes da Xunta de Galicia nesa reunión, que son o vicepresidente e a conselleira de Emprego dicían que non, que non había posibilidade de poñer en marcha un sistema mixto, algo que eu non comparto pero que teño que respectar, ou temos que respectar cal é a postura da Xunta. A Xunta dicía que ou ben era todo xestionado polos concellos ou todo xestionado pola autonomía, e que na reunión de hoxe había que trasladar como queríamos que fose.

Inicialmente estabamos en desacordo en canto á porcentaxe, a Xunta tiña un elemento que era sesenta, vinte e pico ou trinta por cento, máis outro vinte, nós propoñíamos o 1% de todas as administracións, por que?, porque era xusto e igualitario en canto ao esforzo. O esforzo do 1% da Xunta de Galicia é o mesmo esforzo dun 1% para esta Deputación e o mesmo esforzo do 1% para os concellos. Parecíanos máis xusto que non, un 50% a Xunta, é dicir, naquel momento a proposta inicial eran 50 millóns dun orzamento de 11.600, fronte ás deputacións, que se nos obrigaba a poñer un 8, un 9% do noso orzamento, non era xusto. Porque igual que a Xunta ten outros moitos gastos con cargo ao seu orzamento, tamén os temos as deputacións e os concellos, que non estamos só en exclusiva para sacar axudas para un sector damnificado, senón que temos moitísimos gastos que son asumidos con

cargo ás distintas partidas do orzamento. Por iso parecíanos máis xusto facer esa proposta.

Sobre a cuestión que comentaba vostede, que isto era unha imposición e un pregamento, se existe ese termo, por parte desta Deputación aos intereses de Pontevedra, direille unha cousa, nesa reunión as outras deputacións formulaban que eles ían achegar a porcentaxe que achegara a Xunta, tendo en conta que a Xunta non aceptaba o 1%. E, polo tanto, neses 75 millóns a Deputación de Pontevedra e Lugo achegarían o 0,7% do seu orzamento. Foi a Deputación da Coruña a que se mantivo en achegar ese 1% e a que conseguiu que as outras deputacións se sumaran á proposta achegando e comprometendo o 1%. Polo tanto, fomos nós quen arrastramos a esas dúas deputacións para achegar máis fondos a este fondo, e non ao revés. Dígoo porque eu represento a esta institución, xunto co vicepresidente, nesas reunións e, polo tanto, falo con coñecemento de causa, ademais teño o mal ou bo costume de tomar nota de todo, e teño perfectamente as notas aquí diante e sei o que se falou nesa reunión e o que se acordou. Polo tanto, digo que nese aspecto foi a Deputación da Coruña e así o poden acreditar os presentes naquela reunión, quen, digamos, impulsou ás outras administracións a achegar a ese 1%, polo tanto, fixemos unha proposta que vai encamiñada a solucionar as catro discrepancias que había.

A primeira delas era quen ía xestionar os fondos. Nós propoñemos que sexan os concellos en base ao establecido no Plan Valencia, que ven como se fai ese reparto e que establece como se xestiona por parte dos municipios, simplificando moitísimo a tramitación.

O segundo problema fronte ao que nos atopabamos era que pasaba con aqueles concellos que non quixeran achegar, loxicamente a Xunta de Galicia, e tiña lóxica o seu argumento, se nós facemos un fondo dos impostos de todos os galegos ten que repercutir en todos os municipios, efectivamente, iso é verdade, pero claro, o que non sería xusto é que o meu concello achegue, e outros concellos acheguen e os que non queiran leven fondos do meu concello. Nós estamos dispostos incluso a aplicar o principio de solidariedade con aqueles concellos que non poidan achegar, que é distinto, e que acrediten cos informes do seu persoal dos servizos económicos, que non poden achegar, pero non con aqueles que non queiran, porque iso sería inxusto. Da mesma forma que sería inxusto dicir que este plan non vai ser só para os sectores afectados pola pandemia, senón que vai ser para todos os sectores económicos, incluso aqueles que están gañando cartos, todos diríamos que era inxusto. De aí que a formulación que facemos é, os concellos que se queiran sumar ao plan achegan o seu 1%, e dese fondo común faise un reparto, e para aqueles concellos que non queiran, e non digo que non poidan, que non queiran, que a Xunta habilite unha partida adicional para repartir eses fondos que si saen dos impostos de todos os galegos e que, polo tanto, poidan chegar a eses concellos, como dicía antes o alcalde de Oleiros. El é dos que di, eu non quero poñer nada, a min que mo dea a Xunta, perfecto, non hai ningún inconveniente, incluso ese fondo adicional propoñemos que non teña que poñer máis fondos a Xunta deses 75 millóns que di que non pode poñer máis, senón que poidan detraerse dese fondo unha cantidade para axudar a eses concellos que non queren ou non poidan. Polo tanto, outros dos escollos que tiñamos nesa reunión queda solucionado.

Sobre a celeridade, que era o principal argumento do sector e da Xunta en

canto ao reparto dos fondos, se se fai con este mecanismo de declaración responsable por parte do solicitante os fondos poden estarse pagando aos poucos días, despois haberá un procedemento de comprobación por parte da administración, de que efectivamente iso que se xura nesa declaración responsable, ou que se compromete nesa declaración responsable, é verdade, e iso lxicamente aquel solicitante que a fai, teno que saber, como calquera outra subvención que se poida tramitar coas distintas administracións.

Polo tanto, todos os problemas que tiñamos, ou inconvenientes, ou escollos que había na última reunión, con esta proposta quedarían solucionado, pero como imos ir esta tarde a negociar, imos ver como ven esta proposta os distintos actores que están alí sentados e se se pode ir matizando as posicións que temos uns e outros. E isto non se trata de bos nin malos, e non se trata de que "ou aceptas o que eu digo, ou non queres apoiar ao sector", nin se trata de "ou aceptas o que eu digo ou o sector non vai cobrar e o necesita moito", trátase de que sentamos nunha Mesa, non digo que o esteas a dicir, Evaristo, dígoo eu para que quede claro, que se trata de sentar nunha Mesa e negociar polo ben do sector, tendo en conta que esa é a súa prioridade, e isto non é un tema de partidismo, nin moitísimo menos, este é un tema de que cada administración ten unha idea de como debe funcionar, e iso é a grandeza da política, que non se impoñen os criterios, senón que se debaten entre todos e todas, cada un pon sobre a mesa cal é a súa opinión e cal é a súa proposta, e se intenta chegar a un acordo, desde logo, e iso é o máis importante de todo.

Por parte desta Deputación a vontade que amosamos ao longo destas reunións, que imos seguir amosando esta tarde e iso que non lle caiba dúbida a ninguén, nin aos aquí presentes, nin aos propios hostaleiros, é de chegar a un acordo. Por certo, nós dixemos que poñiamos este 1% para o sector turismo e hostalería, porque tiñamos outras liñas da Deputación, que xa puxemos en marcha, que se irán modificando e mellorando para ser máis rápidos no reparto dos fondos para os outros sectores. A Xunta mudou o criterio, pide que sexa para todos os sectores, e aínda así nós seguimos, non temos inconveniente en poñer ese 1% para todos os sectores e ademais diso habilitar crédito ao longo do ano para poñer en marcha outras liñas. Polo tanto, aí tamén fomos quen de ceder, porque non é o mesmo repartir o 1% só para un sector concreto que repartilo entre todos, e isto dígoo porque é importante para non xerar falsas expectativas entre os hostaleiros e o sector turístico, porque a día de hoxe aínda hai moitos deles que pensan que este fondo se vai repartir en exclusiva para este sector, e non é así, vaise repartir entre todos os sectores prexudicados, inicialmente esa non era a proposta e mudouse. Polo tanto, como a proposta se mudou, e mudáronse os posicionamentos iniciais, na primeira reunión o vicepresidente da Xunta dicía que non podía poñer máis de 50 millóns, que era imposible, pois fixo un esforzo, que temos que valorar positivamente, e achegou 25 millóns de euros.

Ben, iso quere dicir, e con isto remato, que habendo vontade, non hai imposibles. Polo tanto, prego novamente que se retire esta moción para non ir xa cunha postura definida, e sen ter capacidade de negociación e de movemento na reunión que imos ter esta tarde. Moitas grazas e máis nada.

### Sr. Ben Otero

Imos por partes. Desde logo, para manifestar a nosa vontade clara neste sentido, nós imos retirar a moción, evidentemente, vostede retira a súa tamén, entendo eu, e imos dar un último halo de esperanza á negociación, na que eu teño constancia do esforzo que o Sr. Regueira, vicepresidente da Deputación fixo tamén en primeira persoa para tentar chegar a un acordo, e a iso encoméndome, porque é unha cuestión de responsabilidade por parte de todos.

Respecto ao 1% eu non me podo resistir, se me permitides un par de consideracións, non me podo resistir a dicir dos 11.000 millóns que ten a Xunta, 11.000, 8.000 millóns dedícanse a sanidade, servizos sociais e educación, entendo eu que deses 8.000 millóns ninguén quere quitar nada, entendo eu, porque entraríamos nunha grave contradición. En consecuencia o 1% dos 2.000, ou dos 3.100 millóns, son 31 millóns, ese é un dato claro, é así. En todo caso a Xunta fixo un esforzo, 75 millóns.

Eu pídovos que vos sumedes á proposta porque a Xunta a proposta vaina levar adiante, os 75 millóns vaillos dar á xente que os necesita, vaillos achegar, esteades ou non esteades, sumémonos, por favor.

Respecto do dos concellos, eu, sinceramente, comunicado de prensa de UXT Galicia, eu non son sospeitoso de ser de UXT, que ninguén pense que teño intención en primeira persoa, eu non son sospeitoso de ser de UXT: "O Sindicato considera necesario o establecemento dunha xanela única: a Xunta de Galicia", lóxicamente.

Nós, a diferenza que hai entre esta Deputación e a Deputación de Pontevedra, Concello de Vigo e Deputación de Lugo, é que esta Deputación fixo un esforzo o ano pasado co noso apoio, que é o PEL, si señor, e recoñecemos ese esforzo, é máis, no seu momento dixemos que igual necesitaba algún recurso máis, e se está vendo claro, e diso falaremos nos seguintes días, faremos unha proposta, adiantando que hai concellos que teñen unha necesidade urxente neste asunto, que deberíamos de valoralo, pero é un tema que falaremos respecto del tamén máis adiante, tamén con certa urxencia porque ten que ser antes de que acabe o mes de febreiro. Pero é verdade, xa hai un esforzo de 13,2 millóns de euros por parte desta administración, pero á súa vez hai un problema. Valentín, presidente, canta xente cobrou o PEL Reactiva nas Pontes?, persoas físicas, cantos?, ningún, e sen embargo a primeira liña de axudas da Xunta hai 51 beneficiarios que supoñen 104.925 euros, ou canta xente cobrou o PEL Reactiva en Pontedeume?, ningunha, pero hai 25 axudas da primeira liña da Xunta que cobraron 66.325 euros, claro, isto é así, ou en Carballo, canta xente cobrou o PEL Reactiva en Carballo?, ningún, pero sen embargo da Xunta hai 305 beneficiarios que cobraron 532.300 euros. Esta é unha realidade.

E mire vostede, dígolle unha cousa, e non me vou equivocar. Antes de que se resolva o tema do PEL aprobado o ano pasado, cobrarán os 75 millóns que vai poñer a Xunta os afectados o luns, é unha realidade. Entón, se a Xunta ten a capacidade de facelo con maior axilidade, por que non nos sumamos, quedando claro que a Xunta pon ese diñeiro, pero que colaboran as deputacións, os concellos, pero se non se trata de poñerse ningunha medalla, por favor, baixémonos das bandeirolas dos farois, que non hai eleccións á vista, que queda un mundo por diante, que agora o que nos

ten que preocupar é sobrevivir a isto, que sobrevivan os sectores produtivos.

Vaian hoxe pola tarde, Sr. Regueira, Bernardo ás veces por unha cuestión de vehemencia, que me pode pasar a min, igual, pero eu sei que Regueira con esa experiencia que lle caracteriza, tornará a Abel tirándolle da chaqueta, tenten chegar a un acordo, por favor, en pos de todos.

E xa, por último, Bernardo, lémbbrasme moito a unha frase que dicía un político moi veterano do meu Partido, non vou dicir o seu nome, que xa non está entre nós, que me dicía un día, "Evaristo, recorda unha cousa, cando a limosna é moita, ata o santo desconfía". Entón, eu agradézolle as súas palabras, pero permítame que tamén desconfíe un pouco delas.

Pola nosa banda, imos retirar a moción.

#### Sr. Regueira Varela

Eu quero agradecer sinceramente a retirada da moción, creo que é bo para o debate que se producirá esta tarde, e insisto nas miñas palabras, creo que o que saia desta tarde debe ser, sobre todo, bo para a sociedade e para o sector en particular.

Insisto, moitas grazas por dar esa oportunidade.

#### Sr. Lema Suárez

Felicitar as dúas forzas por buscar o consenso a costa do protagonismo de cada unha delas. Dicar como suxestión que hai unha partida fundamental e considerable no orzamento da Xunta deste ano destinada á promoción do Xacobeo que eu creo que a evolución dos feitos indican que non vai ser posible, ou non vai ser produtivo executala, entón a proposta ou suxestión, se se quere, é que se destine a este fondo de rescate.

#### Sr. Fernández Piñeiro

Eu súpome á felicitación e ao agradecemento por ter retirada a moción, é un bo comezo que demostra que estamos todos na mesma liña e simplemente, Evaristo, é que eu penso que hai unha cuestión que é importante aclarar.

Cando propoñemos que o xestionen os concellos non estamos a propoñer que o xestionen os concellos co sistema de reparto do PEL Reactiva, porque eu podo responder ás preguntas que fixeche, pero formulo unha pregunta que che falta, é dicir, cantos establecementos na miña vila cobraron a axuda da Xunta?, igual un 60, ou 70%, cantos dos concellos da miña vila cobraron a axuda do PEL Reactiva?, pois a día de hoxe ningún, pero falta a terceira pata, que precisamente é o que estamos a propoñer nós, cantos concellos da miña vila cobraron a axuda do concello?, todos. Todos os establecementos da miña vila que, lóxicamente eran perceptores desa axuda, e que así o acreditaron, non aqueles que quedaron excluídos por incumprir algún dos seus requisitos, cobraron xa, a día 31 de decembro tiñan cobrado todos. Polo tanto, hai sistemas que poden ser rápidos tamén para o pago. Non estamos

dicindo aquí que a nosa proposta sexa do PEL Reactiva e que non podemos manter esa postura porque non é verdade, e iso pasaba o outro día na reunión. Dicía, "é que ese modelo da Xunta é máis rápido ca outros", que outros cales? porque eu sei de concellos que estiveron pagando en quince días, cónstame que no Concello das Pontes, da primeira liña de axudas cobraron practicamente todos tamén. Por tanto, hai sistemas e modelos que tamén son rápidos, non só o da Xunta.

Por iso, e esquezámonos, e repito, do modelo do Plan Reactiva, que estivo moi ben, pero que loxicamente tiña eivas porque era o primeiro plan que sacamos destas características e hai cousas que se poden mellorar, loxicamente. Por iso o modelo que propoñemos é o de comunicación responsable, como aplicaron algúns concellos e outras autonomías, co cal unha vez que se presenta se pode estar pagando no momento en que xa teñamos o crédito. Esa é e a proposta que facemos, repito, non do PEL Reactiva. E, efectivamente, é verdade que a Xunta de Galicia achega unha parte moi importante do seu orzamento á sanidade, é verdade, pero tamén é verdade que esta Deputación achega unha parte moi importante do seu orzamento a outros moitos gastos, aquí o 35% do orzamento desta Deputación vaixe en gastos de persoal, e despois temos un montón de millóns de euros que van para vías e obras, que todos os grupos aquí presentes reclaman melloras nas vías provincias. E temos un montón de millóns de euros que van ao Plan único, todas as administracións gastamos, e xa non falarei dos concellos, porque é verdade que hai unha cousa que eu non comparto da proposta inicial, da moción que se retira finalmente, que é que os concellos ademais de achegar para este fondo apliquemos unha redución de impostos, do ICIO, do IBI, do IVTM, exención das terrazas, porque exención do lixo e da auga non se pode, porque non é legal, é de obrigado pagamento, polo tanto, teremos que aplicar reducións, co cal se nos pide que poñamos máis cartos, minorando os ingresos, iso é unha bancarrota total, ademais que teño que lembrar que os concellos estamos asumindo moitos gastos extraordinarios derivados da pandemia, e iso hai que poñelo tamén en valor, de todas as cores, o esforzo que están facendo todos os alcaldes, porque estamos a pagar a desinfección dos centros educativos, triplicando os custos que tiñamos de limpeza deses centros, porque estamos a comprar EPIS para o noso persoal e EPIS para repartir entre os nosos veciños. E se algo temos demostrado os concellos, todos, de todas as cores, é que nesta pandemia fomos a primeira administración do Estado, a primeira en actuar, e a primeira en axudar aos sectores prexudicados, máis alá dos ERTES aprobados polo Goberno do Estado, que foi a primeira medida que se puxo en marcha, e que parece que nunca nos acordamos dela, pero as primeiras liñas de axuda que saíron para o sector saíron dos concellos, as primeiras entregas de EPIS á cidadanía saíron dos concellos.

Por tanto, poñamos en valor o traballo que estivemos facendo durante moitos meses con moi poucos recursos, tanto económicos, como persoais, e en moitos casos dedicando moitísimas horas, todos os alcaldes e alcaidesas, e concelleiros e concelleiras de Galicia e do Estado español, que penso que demos un exemplo a todas as demais administracións en canto á celeridade, estando ao lado de quen máis o necesitaba nese momento, loxicamente cos recursos dos que dispoñemos, que son os que son. De aí que eu siga defendendo o municipalismo e que sigo crendo que, habendo un sistema de reparto por parte dos concellos que sexa rápido, non ten por que haber ningún tipo de inconveniente, e ese sistema formulámolo, acabo de explicalo, e non é nin o do PEL Reactiva, nin o daqueles concellos que puideron ter

problemas para o seu reparto, senón comunicación responsable, e empezar a pagar no momento en que xa exista o crédito.

Nada máis, e repito, moitas grazas por ter asumido esa retirada da moción, que nós tamén retiramos, e espero e desexo, e dígoo con toda sinceridade, que esta tarde cheguemos a un acordo e que canto antes poidamos ter eses fondos públicos nos petos de quen máis os necesita. Moitas grazas.

Sr. Ben Otero

Moi brevemente, perdoo, Presidente. Eu urxíriache a ti en primeira persoa, presidente...-ben Gelo, se tes présa podes marchar, que non hai ningún problema-, eu urxíriache a ti, presidente, como alcalde dos alcaldes, que te poñas en contacto con eles e digas cantos deles teñen a intención ou interese de xestionar as axudas directamente, nós falamos con gran parte dos nosos alcaldes e din non, máis non, están saturados co tema do PEL, bastante teñen que facer con outras cuestións, e eu o que pido é que realmente non cargar aos concellos de máis responsabilidades ou máis cuestións neste sentido.

E doutra banda, Bernardo, ti mesmo profundaches nun tema que é importante, e é o seguinte: se cadra hai un concello cuns técnicos moi eficaces, e outro que ten uns técnicos menos eficaces, ou menos persoal, é dicir, aquela xente que teña negocios nun Concello máis solvente ou máis eficaz ten maior rapidez na súa tramitación, na Xunta é igual para todo o mundo. Eu considero que temos que achegar o ter a facilidade para todo o mundo.

Eu póñoche o exemplo de Santiago, en Santiago o día 12 saíron as axudas de concorrencia dos remanentes, que eran 3,5 millóns e un millón a maiores que puxo a Deputación, 4,5. O día 12 sacaron 2,5 millóns por urxencia, ás poucas horas esgotouse. A día de hoxe non cobrou ninguén nada, ollo, 4,5 millóns, sacan 2,5 publicados no BOP, e non os gardan, que os volverá anunciar o Sr. Bugallo, que é unha persoa moi hábil nisto da política, pero hai que dicilo, eses 2 millóns que anunciou en decembro vains volver anunciar hoxe co orzamento do ano 2021, porque dos 4,5 sacou 2,5. Pero o transcendente de todo isto é que os hostaleiros de Santiago non recibiron nin un euro destas axudas. Por favor, sumémonos a este tema, traballemos con axilidade, salvemos ao sector e xa non me estendo máis, non vaia a ser que a alguén lle dea un mal, perdón.

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidencia dá por rematada a sesión ás 14:26 horas.